



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 13 DE XANEIRO DE 2014.

ASISTENTES:

Alcalde-presidente

D. JOSÉ MANUEL FREIRE COUTO(PP)

Concelleiros/as

D. M^a CONSUELO VISPO SEARA (PP)

D. MANUEL GARCIA GONZALEZ(PP)

D.^a MIRIAN PRIETO VALDES (PP)

D. JOSE A. DO OLMO CONGIL (PP)

D.^a NIEVES CARRIL GÓMEZ (PP)

D. JULIO DOMINGUEZ PATO (PP)

D. XOSÉ CARLOS VALCÁRCCEL DOVAL (PSdeG-PSOE)

D.^a MARIA PRESAS DE PRADO (PSdeG-PSOE)

D. XOSÉ MANOEL FÍRVIDA PLAZA (BNG)

D. SERAFIN NÚÑEZ PÉREZ (BNG)

AUSENTES

D.^a VICTORIA MORENZA DOFORNO (PSdeG-PSOE)

D^a M^a ÁNXELA GONZÁLEZ CID (BNG)

Secretario Accidental

D^aMARIA ESTHER CASTRO VAZQUEZ

Interventora de fondos

D^a. EVA FERNANDEZ GARCIA

No salón de plenos da Casa do Concello de Barbadás, sendo as 13:00 horas do día 13 de xaneiro de 2014 reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. alcalde, coa asistencia dos Sres./as. concelleiros/as. Relacionados na marxe, actuando como secretario accidental , Maria Esther Castro Vazquez.

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida realización da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese á análise dos puntos da orde do día.



PARTE RESOLUTIVA:

1- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR

O sr. Alcalde toma a palabra: Vamos co primeiro punto do orden do día que é a aprobación da acta anterior, bueno me está recordando Manolo, a ver se podemos ser un pouco máis, no tema das actas, si podemos ser un pouco máis breves, para que non salgan eiquí unhas actas agarrantes, ¿non?

O sr. Fírvida toma a palabra (BNG): Nós vamos a votar a favor de esta acta, entendemos que está ben recollida, y vamos a votar a favor, y no tema dos orzamentos, o caso requeríao falar, e se vimos eiquí cada dous meses e temos que limitarnos as cousas, limitamos as mocións, limitamos os tempos, bueno

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Fírvida xa os dos orzamentos, bueno, pero é que estámolas facendo todas de noventa e pico, cen follas, ostra, es que unha persoa durante case dous meses non fai outra cousa, máis que transcribilas

O sr. Valcárcel toma a palabra (PSdeG-PSOE): O que reclamaba, pedía, e que dado que contén noventa e seis folios a acta, teñamos presente que a temos que leer antes de, antes de votar a favor, absternos ou votar en contra e sería necesario que se nos entregara, un pouquiño antes, tampoco pedimos moito máis, pero en catro días, previo ó Pleno, e preparar o Pleno e leerse un acta de noventa e seis folios que case ten o volume de unha novela.

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Si, si

O sr. Valcárcel toma a palabra: É complicado, agradeceríamos se puidera ser posible que se axilizara máis a entrega de ese documento.

A sra. Secretaria (accidental) toma a palabra: Suélense facer pero esta como vedes, foi super extensiva, coincidiu coas festas,

O sr. Valcárcel toma a palabra: E tamén comprendemos que houbo Festas de Nadal, exactamente

A sra. Secretaria toma a palabra: Publicacións nos boletíns

O sr. Valcárcel toma a palabra: Si é posible, que para o sucesivo sea así, con que chegue con unha semana antes, é suficiente

O sr. Alcalde toma a palabra: Ben, entendo que se aproba entonces a acta,

O sr. Fírvida toma a palabra: Si, a favor,

O sr. Valcárcel toma a palabra: Si, a favor,

O sr Alcalde toma a palabra: Ben, pasamos ao segundo punto que é



O sr. Valcárcel toma a palabra: Eu quería facer unha pequena consideración antes do Pleno, vamos a ver, consideramos inadmisíbel os horarios de estos Plenos, é dicir, no seu momento o sr. Alcalde indicou que se celebrarían pola tarde o que non é normal, é que se plantexen os Plenos á unha do mediodía, e creo que todos aquí traballamos, afortunadamente,

O sr. Alcalde toma a palabra: É precisamente para facilitar o traballo noso,

O sr. Valcárcel toma a palabra: E temos que cumprir tamén coa nosa vida laboral, e sinalar tamén que estos horarios van facer imposible que algúns dos compañeiros, compañeiras, concilien a súa vida laboral e familiar, entón rogamos que se contemple esa posibilidade, porque se non é imposible, somos trece Concelleiros, temos as nosas obrigas familiares, temos os nosos traballos, e temos que cumprir con eles tamén

O sr Alcalde toma a palabra: Obviamente, iste é o momento que se acaba de traballar, á unha, moitos dos que estamos eiquí

O sr. Valcárcel toma a palabra: Moitos acabamos ás dúas e cuarto, e empezamos ás tres e media de novo, pero bueno,

O sr. Alcalde toma a palabra: En todo caso, teremos en conta a proposta

O sr. Valcárcel toma a palabra: Desde hai moito tempo; desde a oposición vense reclamando que os Plenos se celebren pola tarde, creo que é moito máis útil.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pola tarde traballa moita xente, estamos na mesma, e os funcionarios en principio, non veñen pola tarde

O sr. Valcárcel toma a palabra: Sr. Freire, cando a vostede lle parece celébranse pola tarde, entón consideramos que debe ser algo que poda ser atendido por todos os Concelleiros

O sr. Alcalde toma a palabra: Tomaremos nota, bien pois entonces pasaremos ao segundo punto.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobada por unanimidade o seguinte acordo:

“Aprobación da ata anterior do 12/11/2013”

2- APROBACIÓN DE CIFRAS DE POBOACIÓN A 01/01/2013

O sr. Alcalde toma a palabra: Que é a aprobación da cifra da poboación de habitantes a 01/01/2013 que como todos teñen copia é de 10.228 habitantes, e bueno dicir, que sigue crescendo afortunadamente o Concello, a día de hoxe, fai un ano había 1064 habitantes.

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: 10.064

O sr. Alcade toma a palabra: 10.064 perdón, e a día de hoxe creo que son 10.386



O sr. Tenente alcalde toma a palabra: 10.386, a día de hoxe

O sr. Alcalde toma a palabra; 10.386, bueno entendo que esto non require debate, co cual entendo que se aproba por unanimidade, ¿non?

O sr. Valcárcel toma a palabra: Quería facer un inciso tamén, no documento que vostede, bueno que nos aporta o Concello, fálase de dez mil dous centos e pico veciños, sen embargo, hai un documento, na declaración de servizos prioritarios no que se fala de outra cifra, fálase de 10.386 o algo así, creo recordar.

O sr. Alcalde toma a palabra: Esto, estamos aprobando os habitantes de fai un ano, a 01/01/2013, a día de hoxe son máis,

O sr. Valcárcel toma a palabra: Ah claro, admítese a aclaración

O sr. Alcalde toma a palabra: E toda esa memoria que se fixo, fálase a día de que se fixo a memoria.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Fálase a día de hoxe, ben

O sr. Alcalde toma a palabra: Bien, pois entonces entendo que se aproba, entón pasamos ao seguinte punto.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

“Aprobación de cifras de poboación 01/01/2013 en 10.228 habitantes”

3.- DECLARACIÓN DE SERVICIOS PRIORITARIOS E URXENCIA E NECESIDADE DE CONTRATACIÓN DE PERSOAL.

O sr. Alcalde toma a palabra: Dar conta e aprobación da memoria da declaración de servizos prioritarios para a contratación de persoal da Casa de Cultura, e de Axuda a Domicilio, son dúas auxiliares para Casa de Cultura e catro auxiliares de Axuda no Fogar, como todos ben sabedes. Xa se fixo o expediente para empezar a traballar o día un de enero, y o trámite é o que require a Lei, indudablemente a xustificación previa y lógicamente pois sometelo agora a Pleno, pues para declaralo digamos como necesario, de urxente necesidade, ¿vale?, entendemos que é así, como se xustifica nas memorias correspondentes y bueno nada máis

O sr. Fírvida toma a palabra: Bueno, pois o Bloque Nacionalista Galego vai votar en contra e non por non considerar estes servizos como prioritarios, que si o son, pero igual que son estes servizos prioritarios, son moitos outros que o Concello de Barbadás non está prestando, por moitas razóns, moitas delas, é debido á reforma da Lei de Reforma Local que quita competencias aos Concello, que aprobou o Partido Popular, na Xunta de Galicia cos votos dos Deputados do Partido Popular, e trae



como consecuencia que agora moito desos servizos non se lle estean prestando á cidadanía desde os Concellos, e despois, tamén derivado de unha política que se leva a cabo neste Concello xa hai moitos anos, non vamos a repetir todo o que temos dito, unha política caciquil en canto as contratacións de persoal, solo hai que mirar como son as bases de estas contratacións, que se fan para contratar á xente de Axuda a Domicilio, no Fogar, e as outras contratacións na Casa da Cultura, son contratacións que se fan a dedo, ac doc, para contratar ás persoas que vostede teñen destinadas para ocupar eses postos de traballo, polo tanto nós non podemos consentir ou polo menos non podemos casar con esta forma de facer política, e ademais, non entendemos porque xa hai tres ou catro anos que non se presenta unha RPT conxuntamente cos orzamentos, eso facíase antes e deixouse de facer, e non entendemos moi ben por que, e despois sin ter RPT de repente nos presentan vostedes contratacións con carácter de urxencia do persoal que vostede, necesitan recolocar polas necesidades que vostedes teñan, de compromisos, de prevendas que teñan que repartir,

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, sabe, en todo caso ten a palabra a voceiro do PSOE

O sr. Valcárcel toma a palabra: Ben, pois no Partido Socialista coñecemos a necesidade de cubrir certos postos de traballo no Concello de Barbadás, entre eles a situación da Casa de Cultura e da Axuda o Fogar. Isto é unha demanda da veciñanza de Barbadás desde hai moito tempo; en remitidas ocasións témoslle demandado a ampliación do persoal, que atende estes dous servizos, pero o Sr. Alcalde sempre respostou con evasivas, sempre foi así, xa se fará, xa veremos, tal. Pero como no Pleno Extraordinario de xuño sobre o Polideportivo, tamén voltamos a pór enriba da mesa, as incoherencias das políticas do Partido Popular, en relación á contratación de persoal; sobre todo temos que anunciar ou denunciar a ausencia dunha relación de postos de traballo anual, que contemple ano a ano as necesidades de persoal da Administración Local, con unha previsión real, cousa que non se fai aquí en Barbadás, e a proba é precisamente esta aprobación, este debate en Pleno deste asunto, e tendo en conta precisamente o crecemento demográfico do Concello, que ademais do que se fai mención como argumentación nesta documentación, e por suposto chámanos enormemente a atención que en outros ámbitos da Administración Local, a contratación de persoal, non se realice ca mesma urxencia, que fai vostede neste caso, faise imprescindible unha nova RPT que reasigne os postos de traballo en funcións das necesidades reais do Concello, as necesidades que demanda a cidadanía están centradas tamén no fomento do emprego, na infancia, e na terceira idade.

Os postos de traballo na Administración Local de Barbadás, teñen que ser cubertos en función dunha estratexia clara, transparente e previsible, o único previsible que hai aquí, é que esos postos de



traballo teñen probablemente destinatario, por suposto sin ter que recurrir a informes sobre a súa urxencia ou legalidade, a ausencia dunha RPT anual, responde seguramente a unha política de ocultación e por suposto caciquil, que atende máis ós intereses do Partido Popular que ós do conxunto da veciñanza. A maior parte da cidadanía, Sr. Freire sospeita das contratacións que se fan dende o Concello, porque hai unha política de ocultación e caciquil que atende máis a seus intereses que ó conxunto da veciñanza, como decía antes, vostede fai gala a este Concello, case ten a gala, a pouca transparencia, a ausencia de transparencia e que incluso recibe “supostamente” curriculums na súa consulta do Centro de Saúde,

O sr. Alcalde toma a palabra: Eso non é verdade

O Sr. Valcárcel toma a palabra: Bueno, hai xente que vai a firmar, eu non o vin, eu recoñezo que non o vin, por eso digo supostamente

O sr. Alcalde toma a palabra: Pois non é verdad

O sr. Valcárcel toma a palabra: Bueno eu digo, supostamente, pero a min cóntanmo

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben

O sr. Valcárcel toma a palabra: Moitos dos argumentos que se utilizan nesta declaración de urxencia, son aplicables a outras necesidades de Barbadás, por exemplo menciónase o importante crecemento da poboación de máis de sesenta e cinco anos, entón cando pensan crear, abro comillas “o novo Centro de Día” utilizando a súas promesas electorais, e sabendo que non hai ningún. Os Socialistas reclamamos que no goberno do PP actúe conforme as necesidades reais da veciñanza, e poña a traballar a prol da veciñanza as cifras que se dan no argumentario, as cifras son só cifras, neste caso pretenciosas ademais, dado que non se axustan á realidade; falan dun remanente de Tesourería, que non é real, un remanente de Tesourería que todos aquí sabemos que non é real, Sr. Freire os dereitos de dubidoso cobro non son reais, e eso repercute no remanente de Tesourería,

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Este ano é real

O sr. Valcárcel toma a palabra: Este ano, estame recoñecendo implicitamente que non son reais,

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Pero xa o sabemos todos

O sr. Alcalde toma a palabra: Unha cousa son os de dudoso cobro e outra cousa é o remanente de Tesourería

O sr. Valcárcel toma a palabra: Si, si, pero eso inflúe no remanente de Tesourería, senón que no lo diga a señora Interventora, si inflúe, ou non inflúe e as cifras son para atender ás cidadanías, ás necesidades das cidadanías, como poden ser Centro de Día, institutos, piscinas e un longo etcétera,



nós evidentemente votaremos en contra tamén,

O sr. Alcalde toma a palabra: Bueno, moi ben decir que, a RPT non se ten creado de momento porque non se poden quitar prazas de nova creación, neste momento, é a que hai.

O sr. Tenente alcalde toma a palabra: Hai prazas na RPT, pero non se poden quitar,

O sr. Alcalde toma a palabra: Entonces, eso por un lado e por outro lado estes servizos, senón se houbera feito isto, tiñámoslos que parar, porque non tiñamos persoal para poder seguir funcionando, neses servizos para os cales se vai a contratar a esa xente, eso é polo que é urxente necesidade, non é por outra cousa, están creados, non é nada de nova creación, entonces bueno eso é o que podó decir,

O sr. Fírvida toma a palabra: Unha cousa que quero decir a RPT, a relación de postos de traballo non é o mesmo que a Oferta Pública de Emprego, son dúas cousas diferentes, vostedes non poden facer unha RPT, que é unha clasificación, ordenada, detallada dos postos de traballo do Cadro de Persoal do Concello, dos postos de traballo dos cometidos asignados, dos salarios, e non ter Oferta Pública de Emprego, unha cousa non ten que ver coa outra, nada que ver ca outra, pero vostedes non fan nin unha cousa nin a outra y agora fan esto, pero bueno, xa eu creo que quedou totalmente explicado, que habería outros máis servizos de máis necesidades desde logo, que atender ás veces, pois a Casa de Cultura, con todo o que alí se fai,

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben

O sr. Valcárcel toma a palabra: Desde logo, nós non estamos en contra de que se amplie o servizo da Casa de Cultura, non que non se amplie, senón que se mellore, igual que o de Axuda no Fogar, as formas son as que matan a súa política Sr. Freire, as formas son as que matan a súa política, estamos reclamando unha RPT clara, transparente e que a cidadanía saiba e nós saibamos como se asignan os postos de traballo e como se cubren e con que salarios, eso ocúltasenos sistematicamente desde hai catro anos, entón temos que votar en contra

O sr. Alcalde toma a palabra: Bien, pues nada, entón que votan en contra o BNG e o PSOE ¿non?, en este punto, e votos a favor do Partido Popular.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor do Partido Popular e os votos en contra do BNG e do PSdeG-PSOE o seguinte acordo: “ **Declaración como servizos prioritarios, das instalacións da Casa de Cultura y do Servizo de Axuda no Fogar, e a consideración de necesidade urxente e inaprazable a contratación do seguinte persoal, con carácter de persoal laboral temporal:**

- catro auxiliares de axuda no fogar



- dous auxiliares administrativos para a Casa de Cultura”

4.- MOCIÓN DE PSdeG-PSOE CO OBXECTO DE ELABORAR UNHA ORDENANZA PARA GARANTIR O SUBMINISTRO MÍNIMO DE SERVIZOS BÁSICOS (LUZ, AUGA, CALEFACCIÓN) E DESTINAR UNHA PARTIDA ECONÓMICA PARA EVITAR O “DESAFIUZAMENTO “ DESTOS SERVIZOS BÁSICOS.

O sr. Alcalde toma a palabra: Vale pasamos ao seguinte punto, que é unha moción do Partido Socialista co obxecto de elaborar unha ordenanza para garantir o subministro mínimo de servizos luz, auga, calefacción e destinar unha partida económica para evitar os desafiuzamentos destes servizos básicos, ten a palabra o seu voceiro ou a súa voceira

O sr. Valcárcel toma a palabra: A gravidade da recesión económica supón actualmente unha dura proba e graves problemas para as familias.

As diversas enquisas das condicións de vida sinalan que o 37% dos fogares españois teñen moitas dificultades para chegar a fin de mes e preto do 10% non poden pagar as facturas de servizos básicos como son o gas, a electricidade, moitas taxas e, por suposto, tampouco poden afrontar a hipoteca.

Unha terceira parte da cidadanía reconece que se queda sen diñeiro despois de pagar a luz, o gas, o teléfono e a mensualidade falemos dun aluguer ou hipoteca, do seu fogar.

O Grupo Socialista sabe que os recibos da luz, auga, calefacción e o gas representan un problema moi grave para moitos fogares. Os continuos incrementos de tarifas levan a numerosas familias a unha situación que se coñece como “pobreza enerxética”: recibos da luz e do gas impagados, electricidade e calefacción cortadas. Isto é a antesala dunha alarmante e grave situación de miseria xeral.

Estamos a falar dunha situación que vai en aumento e os datos son contundentes: no ano 2012 as compañías enerxéticas cortaron en España a luz ou o gas a un millón e medio de fogares, o que afecta directamente a catro millón de persoas. Isto supón máis do duplo que antes de comezar a crise económica.

Os Socialistas de Barbadás consideramos que se extrapolamos ó noso concello os anteriores datos, habería máis de 1.000 conveciños en situación de pobreza enerxética. Pero non podemos esquecer a aquelas unidades familiares que están sufrindo tamén cortes na subministración de auga.

As administracións de calquera nivel están na obriga de atopar solucións comunitarias para evitar que haxa familias que se queden practicamente ó raso no inverno, sen luz e calefacción.

Toda a cidadanía é consciente de que a enerxía e a auga son imprescindibles para unha familia e polo



tanto é necesario que a administración garanta que ningunha unidade familiar que se atope nunha situación económica grave, quede sen estes servizos básicos. É dicir, que hai que evitar por todos os medios o desafiuzamento enerxético ou de auga.

Os gobernantes, nun estado cunha economía social e de mercado, teñen que garantir como é na que se recolle na Constitución Española, teñen que garantir á súa cidadanía unha cobertura social en relación a un subministro de electricidade, gas e auga, de xeito que ningún fogar quede privado dun mínimo de cobertura de subsistencia.

Nas sociedades Europeas avanzadas e falo das norte de Europa e Centro de Europa, Francia, Alemaña, Bélxica, Holanda, Países Nórdicos, a luz e o gas son considerados servizos esenciais básicos que deben estar garantidos por un auténtico estado do benestar que poña o acento no aspecto social da economía.

O goberno do Estado olvidou hai xa tempo, este aspecto social, que debe ser o referente do marco económico, actualmente os problemas das persoas mais perxudicadas pola crise pasan a un segundo ou terceiro plano, os continuos os recortes nos servizos sociais, na axuda a dependencia, no acceso en igualdade de condicións de educación, o copago sanitario e farmacéutico, son probas máis que suficientes de esta forma de entender a crise. Trátase de utilizar a crise como argumento para destruír a parte social da economía. A crise está sendo usada polo Partido Popular para forzar cambios estruturais de carácter exclusivamente ideolóxicos.

Por outra banda, sinalar que no goberno de Rajoy, ten coma unha das súas prioridades para o ano 2014, a reforma do sistema tributario, o que afecta directamente o IVE, sospeitamos con informes elaborados pola fundación FAES, que esta reforma potenciará os impostos indirectos, é dicir os que paga cada persoa en adquirir un ben, en resumo por consumir algo ou utilizar algo sen importar que esa persoa teña capacidade real para tributar. A sociedade debe aproveitar este momento para reclamar máis igualdade e xustiza fiscal, de xeito que os impostos sobre servizos esenciais teñan un gravame super reducido, o incluso tiveran exencións para as familias con problemas económicos máis graves.

No PSdeG somos conscientes de que a privación de electricidade, gas e auga pode provocar importantes riscos sanitarios para as persoas máis vulnerables.

O Partido Popular a nivel estatal oponse a calquera medida de apoio ás familias afectadas por esta situación. Por esta razón e diante da desidia e falla de sensibilidade social do goberno de Rajoy, hai que actuar desde os concellos, de Rajoy e de Feijoo.

Os Socialistas de Barbadás esiximos que desde o noso Concello se arbitren e adopten unha serie de



medidas que vaian encamiñadas a suplir o desinterese tanto da administración central coma da autonómica.

Polo tanto propomos os seguinte acordos:

1º Elaborar, coa participación da oposición, unha ordenanza que garanta que ningún fogar de Barbadás con graves dificultades económicas vexa cortada a subministración eléctrica, de gas ou auga.

2º Destinar para o exercicio 2014 unha partida económica suficiente para evitar este tipo de “desafiuzemento” de servizos básicos.

3º Garantir uns consumos mínimos vitais tendo en conta o número de membros da unidade do fogar e tamén a renda familiar.

4º e finalmente solicitar ó Goberno de España a aplicación dun IVE reducido para as subministracións domésticas de electricidade, gas e auga, aproveitando precisamente a posible reforma fiscal.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra o voceiro do BNG

O sr. Serafín Núñez (BNG) toma a palabra: Ben, o BNG rexistrara unha moción, no sentido tamén similar, á que presenta o Grupo Socialista, o 3 de xaneiro, unha moción para garantir o subministro eléctrico das persoas sen recursos, que evidentemente, pois digamos, tivemos que botar para atrás por esixencia das tres mocións que nos esixen por cada Pleno bimensual, de acordo, entón pois non podemos defendela hoxe, bien, entón, presentamos as outras tres que van na orde do día, decir ó respecto da moción do PSOE que efectivamente nós entendemos que en Galicia, pois efectivamente hai máis de 650.000 persoas que están en situación de pobreza, 120.000 en estado de pobreza severa; e hai 93.000 fogares en que todos os membros están en paro, 12.000 máis que o ano pasado, existen máis de 33.000 fogares, 33.000 sen ningún tipo de ingresos, confirmando datos terribles de pobreza infantil que no Estado Español alcanza a cifra de 2,2 millóns de nenos e nenas por debaixo do limiar da pobreza, ou 6 de cada 10 familias chegan con dificultades a fin de mes, é decir, o camiño que nos levan as políticas que están implantado o Partido Popular, tanto no Goberno de Estado como na Administración Autonómica e a que en vez camiñar e que as sociedades se fagan máis uniformes e haxa unha clase medía estándar, vamos camiño do revés, de ter unha clase alta muy pudiente e que os demais se busquen a vida que é o que vai acabar pasando, acabar buscando nos contedores porque é o camiño, e non é catastrofismo é o camiño que realmente levamos, ¿de acordo?



Aos recortes, ao pagamento no servizos públicos, a restrición ao acceso na sanidade, hai que engadir a redución de prestacións por desemprego, xunto coa futura eliminación dos servizos que presta o Concello a causa da reforma laboral, que ven de comentar aquí o compañeiro, ou outras reformas que afectarán o subsidios e pensións. Estas medidas agrávanse coa redución dos orzamentos do Estado na Xunta, e co encarecemento da enerxía, sexa gas ou electricidade, o desemprego ou a falta de recursos económicos, provocan cada vez máis vítimas da política de desamparo que desenvolven os gobernos do Partido Popular.

Cada vez son máis as persoas que quedan sen prestacións ao esgotaren as axudas de protección, sen emprego, sen fogar, ou sen poder afrontar o pagamento de hipotecas, alugueres básicos como auga o luz, ou simplemente poder alimentarse.

O Goberno Local non debe permitir, debe garantir por medio da Administración Municipal e dos Servizos Sociais o apoio ás persoas que o precisen, senón que tamén debe impulsar diante do Estado e da Xunta, iniciativas para que a prestación de servizos básicos destinados aos grupos máis desfavorecidos, propondo medidas específicas dirixidas ás persoas en risco da exclusión social e con necesidades para garantir o seu benestar. Estamos evidentemente, nas portas do inverno, e faise especialmente dramática pensando que se poidan producir cortes do subministro en fogares sen recursos, un feito que agudizará máis as penosas condicións de vida das persoas que teñan estas dificultades económicas.

Evidentemente o portavoz do PSOE xa o dixo, hai Países Europeos, e o BNG o reafirma tamén, hai Países Europeos, como Francia donde limitan ó tempo invernal os cortes de subministro eléctrico a familias sen recursos que non teñen cartos para pagar o recibo da luz, ben , ¿aquí que se fai?, nada, se non tes para pagar, tu mesmo, frotar as mans unha con outra.

Alemania paga a calefacción e o aluguer das persoas en paro de longa duración. Cataluña estuda prohibir os cortes de enerxía ás familias na pobreza, ¿aquí que se fai?, nada.

Os niveis e datos de pobreza en Galiza que enumeramos ao principio e as duras condicións climatolóxicas que estamos xa a padecer na entrada deste inverno, fan especialmente necesario que a Xunta adopte medidas neste sentido, para paliar estas dramáticas consecuencias. Agora vimos de iniciar o ano novo, o ano 2014, perfectamente, o Goberno do Estado Español xustifica o fortísimo incremento no recibo da luz dos últimos anos nun suposto déficit tarifario, un déficit tarifario que é falso, absolutamente falso. As empresas están conseguindo máis e máis beneficios a costa de sablear cada vez máis nos recibos da luz aos particulares, á xente, é dicir, aquí o que se fai é unha cantidade,



unha liberación absoluta de mercados, onde os Estados dos Gobernos, se poñen absolutamente por fóra, para deixar que efectivamente, poñan os prezos que queren e un suposto déficit que efectivamente non existe y que cada vez siguen cargando, síguenos cargando a todos y a todas as familias, ¿de acordo?

Hai que entender tamén, no noso País, en Galicia que efectivamente somos un País de excedente produción de electricidade, donde historicamente, pois anegaron as nosas mellores terras de cultivo, as nosas viñas, todas as nosas mellores terras, para grandes centrales de produción enerxética, que o único que fixeron pois, evidentemente foi levar a enerxía para outras zonas do Estado, onde non a teñen, véxase Andalucía, véxase Madrid, etcétera, ¿Que sacou Galicia de esto?, evidentemente nada, entón nós, máis que destrozo da nosa terra, porque o final nin as empresas nin os particulares obteñen un beneficio directo de todo esto, é decir, un País que é sobredimensionado en determinadas cuestións como poden ser na produción enerxética, tiña que ver beneficiada a cidadanía en esto, e aquí evidentemente esto non se fai, ó contrario como se estiveramos onde non hai absolutamente nada, y aquí en esto si que somos superprodutores, ¿de acordo? Porque o resto do Estado se beneficia do que producimos nós, entón o BNG pois evidentemente, pois está de acordo ca moción que presenta o PSOE e vai presentar unha enmenda de engadega que seria:

- solicitar do Goberno do Estado Español que permita a creación dunha tarifa eléctrica galega que, atendendo á condición de Galicia como excedentaria na produción de electricidade, posibilite unhas menores tarifas tanto para o consumo doméstico como para as empresas, nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben

O sr. Valcárcel toma a palabra: Aceptamos a emenda do Bloque Nacionalista Galego.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, bueno, decir que a nadie nos gusta que haxa pobreza, por suposto e ao Partido Popular tampouco, e o que temos que tratar de facer é que evidentemente, os cidadanos cada vez sean cada vez menos pobres, por desgracia y crear posto de traballo; que é a mellor maneira de axudar a xente e non dándolle limosnas, ¿non?. Entonces en primeiro lugar dicir que; vostedes estando na oposición lógicamente pois fagan a súa política é entendible, pero onde gobernan non dan exemplo, eu vexo que onde goberna o Bloque e onde goberna o PSOE estas mocions que están aquí, en ningún diles o levan a cabo, eu vexo que en Ourense sin ir máis lexos, estas mocions que vostedes presentan eiquí, pois non existen, nin as propón o BNG nin as propón o PSOE, sei que nós gobernamos Barbadás, é certo, pero bueno hai que predicar un pouco tamén co



exemplo a nivel político, ¿non? porque claro pedir por pedir, estando na oposición, pois é moi fácil, pero claro unha cousa é pedir e outra cousa é dar trigo, ¿non? y neste caso concreto, pois como digo, eu creo que hai que habilitar outro tipo de medidas, para poder axudar á xente, que como digo eu a mellor medida é que cada un teña emprego, esa é a primordial e a fundamental, o resto todo, pois, non deixan de ser parches y o Partido Popular a nivel de País e de Partido, está facendo todos os medios para evitar que este País fose practicamente a quiebra e á banca rota como o deixaron cando gobernaron vostedes indudablemente, bueno a cousa, afortunadamente pronto parou, se chega a seguir eu creo que hoxe estaríamos intervidos, entón xa non sería pagar a luz e a auga e outros servizos, que sinon estaríamos no caos total e absoluto, como todo a mundo sabemos, ¿non? eso por un lado; e por outro lado que digan o BNG que instemos á Xunta no tema eléctrico, que hai que meter un imposto, oiga ustedes tiveron un Conselleiro de Industria, gobernando na Xunta de Galicia, e cuando vostedes gobernaban non se lles ocorreu nada de esto, que eu coincido co que vostedes dicen nese respecto; me parece que debería ser así, ¿pero que pasa entonces cando se goberna? ¿olvídase un dos principios?, é que cando se goberna, un ten que adaptarse ás circunstancias esa é a realidade da cuestión, porque que digan ustedes eso, habendo tendo un Conselleiro de Industria, dito sea de paso, que o PSOE por a boca do seu antigo Presidente e portavoz y Exconselleiro de Medio Ambiente, falaba de meterlle un imposto tamén ás eléctricas, posou polo Conselleiro, gobernou o PSOE gobernou o Bloque e non fixeron nada de eso, non se fixo porque estamos nun País, nun País y a política de País pois hai que aplicala en todas as partes iguais, é dicir, nós temos, somos excedente en electricidade e ojala pudéramos facer unha discriminación positiva para que nos cobrarán a enerxía máis barata, pero é que noutras cousas somos deficitarios e teremos que ser solidarios co resto do País. En todo caso, nós estaríamos de acordo en que lle meteran ás eléctricas un gran imposto para que houbera unha discriminación positiva, no consumo eléctrico en Galicia que sería o normal, pero bueno, como eso xa non depende de nós; nós estamos no Concello de Barbadás, e o que podemos facer desde aquí son cousas moi limitadas e cousas adaptadas ás nosas posibilidades; entonces nós vamos a votar en contra de esa moción, porque en primer lugar, non hai posibilidade ningunha, porque se vostede está falando de que habría sobre mil persoas, imagine se vostede, si, si, posibilidades sempre hai, si si, non fai falta que me o explique porque xa de digo, que o criterio seu, estou segurísimo que si vostede gobernara non o iba a facer, o que dice agora, si usted estivera gobernando e aquí, estou seguro que non o iba a facer, entre outras cousas porque non o fan en ningún sitio onde gobernan, vostede dígame si se fai en Ourense, en primer lugar, en segundo lugar estaría, estaría, ocasionando si se aprobara esto, que sería



unha inconcruencia, un efecto chamada de algunha maneira, porque si vostede eiquí en Barbadás, lle paga a luz, o gas, a calefacción e a auga ás persoas aquelas que entre comillas son as máis necesitadas, que as haberá por suposto, non digo que non, está facendo un efecto chamada da cidade de Ourense, que se veñan a vivir para eiquí, a maioría de eles, aínda que sexa de alquiler, porque xa teñen garantizado como mínimo esos servizos, usted imaxínese o que se podería armar eiquí, é decir, é unha moción que ten un sentido totalmente demagóxico, porque saben ustedes que é irrealizable, entonces nós, eu non vou a entrar máis a debatir este tema, cando vexo cual é, digamos o fondo, o fondo dela, e o fondo de ela, e querer quedar ben diante da cidadanía, porque non gobernan, pero onde gobernan non o fan, pois entón mira, a min eso non me vale para nada, hai que practicar co exemplo, nada máis.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Voulle respostar as súas cuestións, primeira cuestión, o Partido Socialista da exemplo, gobernando na Xunta de Andalucía, en coalición con Esquerda Unida, ou Izquierda Unida, alí estase implementando, estase elaborando unha lexislación ó efecto, para que vostede o vai sabendo

O sr. Alcalde toma a palabra: Si, veremos cando a ejecutan, elaborando un estudio, veremos

O sr. Valcárcel toma a palabra: As verbas están aquí é verémolo, e verémolo e Sr. Freire, as Administración Locais son o último referente, o último recurso para os cidadáns que están en situación de penuria, polo tanto quen primeiro debe actuar é a Administración Central, un asunto que xa se plantexou no Congreso dos Diputados, e foi rexeitado dunha forma absolutamente burda polo señor Soria, absolutamente burda, e falla de absoluta sensibilidade, esa é a súa política, esa é a súa política, entón hai que recurrir, ben ás Administración Autonómicas como no caso de Andalucía, que sí traballa nese asunto, que en Galicia, evidentemente nin se lles pasa pola imaxinación, nin teñen en mente en un momento determinado, plantexarse este asunto e polo tanto quedanos a Administración Local que é esta na que estamos, e voulle argumentar nun momentinho como se pode pagar ou axudar a estes cidadáns, falan vostedes de que mentras non se creen postos, que vostedes están traballando en prol da veciñanza da cidadanía, e que a mellor forma de traballar a favor deles é crear postos de traballo, pero Sr. Freire que nos está contando, se o paro desde que gobernan vostedes aumentou, que nos está contando, mentras tanto ¿a xente que está no paro? ¿que queda no camiño? ¿ou nos cementerios? ¿ou nas cunetas? ¿esa é a súa sensibilidade? a sensibilidade do Partido Popular,

O sr. Alcalde toma a palabra: Aumentou como consecuencia da política que vostede deixou

O sr. Valcárcel toma a palabra: Claro, claro, e despois da Reforma Laboral tamén aumentou por consecuencia da política que fixo o Partido Socialista, demagoxia hai moita, demagoxia hai moita, eu



estou respostándolle con datos, mentras tanto pregunto: ¿onde quedan os cidadáns que non traballan e que non teñen ningún tipo de axuda?, ¿quedan nas cunetas ou nos cementerios?

O sr. Alcalde toma a palabra: Hai outras vías, non está, hai outras vías,

O sr. Valcárcel toma a palabra: E vostede dí, estamos de acordo con esto, estamos de acordo, pero presionen, presionen a seu partido, a súa provincia, a súa agrupación provincial para que faga proposta nese sentido, presione a súa agrupación provincial, á Xunta de Galicia, bueno, non o fan, vostedes din aquí nun Pleno, que sí que lles gusta, vale, pero gustar non é solución, e volvo a insistir en Andalucía estase facendo, en Cataluña probablemente vaise a facer, pois en Barbadás tamén se pode facer

O sr. Alcalde toma a palabra: Perdome, un inciso ¿Sabes como se vai facer en Cataluña? Aplazando, aplazando, menuda medida van facer en Cataluña, que enganabobos eso,

O sr. Valcárcel toma a palabra: Xa o sei, xa o sei, seino perfectamente, pero non en Andalucía, Sr, Freire, a min gustaríame acabar coa miña intervención de forma continuada, por favor, entón mire, voulle contarlle unha cousa que vostede seguramente non sabe, nin se preocupou por miralo, a lexislación, a lexislación española actual, e traigoa aquí, todo esto, todo esto, eu infórmome antes de facer unha moción sr, Freire, eu non son ningún demagogo, demagogo é vostede cando crea postos de traballo case practicamente para asignarlle a unha persoa determinada, eso sí que é demagogia, aquí é a lexislación, o efecto sobre como pode funcionar este asunto, a lexislación permite, a lexislación permite que se grave a utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público municipal ós sectores da enerxía, telecomunicación e na telefonía móbil, a norma permite que se aplique unha taxa do 1,5 %, dos ingresos brutos procedentes da facturación entendida como consumo que obteñan actualmente estas empresas, en cada término municipal, é decir, o Concello de Barbadás, pode percibir o 1,5%,

O sr. Tenente alcalde toma a palabra: Xa o están pagando,

O sr. Valcárcel toma a palabra: Si, si, ¿pagando como? déixeme acabar por favor, de todo o consumo realizado, por exemplo o Gas Natural, Fenosa, por Movistar, R, entre outros e todos os consumidores e consumidoras do noso municipio, é decir, a suma de toda a facturación que se lles pasa ós cidadáns de Barbadás, tanto de auga, de luz, de teléfono móbil, de teléfono fixo,

A sr. Interventora toma a palabra: De telefonía móbil no,

O sr. Valcárcel toma a palabra: Si, si, si, de teléfono móbil tamén, si, si, si, está aquí,: Javier González Miguelañez, “la razón y el de por qué de las tasas, que grava la utilización privativa



aprovechamiento especial del dominio público municipal a los sectores de enerxía, telecomunicaciones y telefonía móbil, Aranzadi”

A sr. Interventora toma a palabra: No nos lo aprobaron eh,

O sr. Valcárcel toma a palabra: Esto está aquí, vip 2010/16, eu teñoa eiquí, hombre eu non vou a estar entrando en disquisicións evidentemente legais,

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Hai unha sentenza do Xulgado, que aínda nos a denegaron

O sr. Valcárcel toma a palabra: Pero bueno, esto está aquí, analíceno, entón esta taxa pode supor unha vía importantísima de ingreso para potenciar, para poder aplicar diversos gastos, fundamentalmente de índole social e dotacional, que permitan mellorar de xeito importante as partidas adicadas non orzamento municipal á Asuntos Sociais e establecer axudas as persoas con necesidades perentorias. O Grupo Municipal Socialista considera que en Barbadás estase facendo deixación de esta facultade e queremos anunciar que presentaremos unha moción, que permita regular este tributo de xeito efectivo, e que redunde no beneficio da cidadanía máis necesitada de Barbadás. A lexislación permite que se faga unha ordenanza ó efecto, que se faga unha ordenanza ó efecto, ¿vostedes saben? Pregunto, pregunto agora mesmo, ¿vostedes saben cando facturan os cidadáns de Barbadás estas empresas? ¿saben canto representan o un coma cinco por cento?, gustaríame sabelo, aínda que nos podan falsear os datos, aínda que nos podan falsear os datos, eu se fora Alcalde, eu se fora Alcalde, reclamaríalle a estas empresas que nos facilitaran a facturación,

O sr. Alcalde toma a palabra: Estamos facendo unha auditoría

O sr. Valcárcel toma a palabra: Ah estamos facendo, sempre estamos facendo,

O sr. Alcalde toma a palabra: Estanos facendo unha empresa ese traballo, que vostede está dicindo aí.

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Estamos facendo nos, a empresa

O sr. Alcalde toma a palabra: No, no, un que hai tamén para os consumos, si home sí,

O sr. Valcárcel toma a palabra: Eu pregunto, saben vostedes canto lle cobra Unión Fenosa ao, R, Movistar, Orange, Vodafone, pois non sei cantas outras máis empresas poden actuar aquí no noso Concello, ós veciños de Barbadás, aos veciños e veciñas de Barbadás, ó longo dun ano, ó conxunto de veciños de Barbadás, para sumar un como cinco por cento e obtelo,

O sr. Alcalde toma a palabra: Telefonía móbil, temos unha sentenza en contra

O Tenente Alcalde toma a palabra: Os de telefónica eso, xa o están pagando,



O sr. Valcarcel toma a palabra: ¿E canto?, ¿e canto pagan? ¿Pagan o que se axusta ao consumo real?

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: O que dicen eles, ¿nós temos unha auditoría?, ¿nós temos potestad para unha auditoría? ¿Podemos facer unha auditoría?, como nós vamos a saber o que facturan a todo o Ayuntamiento de Barbadás, home hai que ser un pouco....

O sr. Valcárcel toma a palabra: Nós temos potestades para preguntarlles cal é o consumo real e facer unha estimación.

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Preguntar é o que lle preguntamos, e xa nos contestan, que xa na facturan ven

O sr. Valcárcel toma a palabra: Bueno pois xa lle preguntarei eu por escrito, que me aporten o volume, o que lle contan esos señores,

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Solo faltaría que nos soupéramos o que cobra telefónica do Ayuntamiento de Barbadás,

O sr. Valcárcel toma a palabra:¿Canto cobra?¿ canto lle cobra?

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Que xa solo faltaría que nos souperamos

O sr. Alcalde toma a palabra: Punto, se acabo el debate en ese aspecto,

O sr. Valcárcel toma a palabra: Eu creo que sí quedou bastante evidenciado, que sí que se pode recaudar cartos a favor da xente que máis necesidades ten,

O sr. Alcalde toma a palabra: Eu solo lle digo que vostedes son unhos genios, e sen embargo aí o lado están gobernando nunha ciudade de cen mil habitantes, e nin o demostran, nin o plantean, nin existe nada do estilo de como o plantean aquí, co cual, ¿que quere que lle diga? Facer demagogía territorial é facil,

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: A política fana entre eles,

O sr. Alcalde toma a palabra: Claro pero nós temos, nós temos a recadación que nos pasa Fenosa, todos los anos y xa llo estamos aplicando, y os impuestos todos esos xa se están aplicando,

A sra. Interventora toma a palabra: Eles presentan unhos datos, e sobre eso, presentan el uno como cinco por ciento; ahora si eso son datos reales o no, eso se escapa a nuestra

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Facerlle unha auditoría

A sra. Interventora toma a palabra: Nosotros no tenemos medios, para auditar a unha empresa

O sr. Alcalde toma a palabra: Para rematar ten a palabra o voceiro do BNG



O sr. Núñez toma a palabra: Ben, de acordo, vostedes aproben ou non aproben a moción, están no seu dereito de facelo, evidentemente, non van a facer absolutamente nada para beneficiar á xente que menos ten, porque non lle interesa, non é a súa filosofía, a súa filosofía é favorecer a estas grandes empresas que enchen os sacos de petenol, de grandes recursos, e de múltiples beneficios a costa de quen menos ten, esa é a filosofía súa, y en definitiva, a súa intervención foi absolutamente demagóxica, vostede fala de postos de traballo, de generar, pero ¿que generan? Que postos de traballo xeneran vostedes, cando a súa Ministra do ramo do Estado, se enche a boca, porque no verán tiña 33 postos arriba, creados de postos de traballo, no es que vamos treinta y tres por arriba cuando en época estival é cuando realmente saben que funcionan estos servizos, que chegado no mes de setembro tristemente van a pechar, ou van a ir en detrimento do persoal, é decir, dándolle as gracias a Virxen da Macarena, bueno, mire vostedes, é que é absolutamente ridículo, patético, demagóxico, vostedes si que son demagóxicos, e o problema non é que sean demagóxicos o problema é que vostedes fan sufrir a quen menos poden, é decir, eso é o triste, e aunque sean demagóxicos eso sería o de menos, mire o BNG aquí presenta unha emenda que lla repito, y non falamos da Administración Autonómica, falamos de solicitar ao goberno do Estado que permita a creación dunha tarifa eléctrica galega, que atendendo á condición de Galiza como excedente na produción de electricidade, posibilite unhas menores tarifas, tanto para o consumo doméstico e empresas, esto é o que pide o BNG, e o BNG cando tiña o Conselleiro do ramo, si solicitou, este tipo de cuestión, na administración do Estado, pero

O sr. Tenente alcalde toma a palabra: Non é posible,

O sr. Serafín Núñez toma a palabra: Si que o solicitou, o que pasa é que no Estado Español governe o PP, ou governe o PSOE e en moitos casos

O sr. Tenente alcalde toma a palabra: Non é posible,

O sr. Serafín Núñez toma a palabra: ¿Como que non é posible?, si que é posible

O sr. Tenente alcalde toma a palabra: Porque non se pode facer unha facturación en Andalucía e outra en Galicia

O sr. Serafín Núñez toma a palabra: ¿Porqué que non?

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Non é posible,

O sr. Serafín Núñez toma a palabra: Si que se pode facer, cando realmente nós somos absolutamente excedentes en produción enerxética.

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Nós non podemos facer unha facturación en Sobrado e outra na Valenzá, non, non



- O sr. Serafín Núñez toma a palabra:** Eso é unha comparación que absolutamente non ten
- O sr. Tenente Alcalde toma a palabra:** Non, eso é falar por falar
- O sr. Núñez toma a palabra:** Non é certo, o que pasa é que non lles interesa, ¿entendes? xa o dixen antes, xa o expliquei antes, o porqué das cuestións, mire seus Ministros tanto do PP como do PSOE, cuando deixan de gobernar, ou os seus Expresidentes, se van a Chile, se van al outro lado, se va el Aznar, se va el Felipe González, se va el otro, a cojer grandes sacas
- O sr. Alcalde toma a palabra:** Y el Conselleiro seu ¿onde estaba traballando?, ¿onde esta traballando o Conselleiro de Industria de Galicia cuando gobernaba o BNG? ¿onde traballaba antes?
- O sr. Núñez toma a palabra:** Non sei, donde traballaba
- O sr. Alcalde toma a palabra:** En telefónica
- O sr. Núñez toma a palabra:** Bueno y que, pero eso era antes, pero non despois de gobernar, despois de deixar a súa carteira, me voy a trabajar a la empresa esta determinada, para que me de...
- O sr. Tenente Alcalde toma a palabra:** ¿Onde van a traballar uns y outros?
- O sr. Núñez toma a palabra:** Onde
- O sr. Alcalde toma a palabra:** Bueno, deixemos a cousa así,
- O sr. Núñez toma a palabra:** En todo caso unha cousa é o traballar antes, e o traballo despois, unha persoa desde que traballa, o que non se debe de ir, é a empresas que el se encargou de casos políticos de beneficiar con anterioridade, esto é o que non é licito
- O sr. Alcalde toma a palabra:** Estou de acuerdo; pero ustedes teñen que predicar co exemplo
- O sr. Núñez toma a palabra:** Y o que fan no Estado, por eso despois non hai que mova ficha, porque no se puede mover
- O sr. Alcalde toma a palabra:** Bueno, moi ben
- O sr. Tenente Alcalde toma a palabra:** ¿A donde foron os do BNG Sarín?
- O sr. Fírvida toma a palabra:** ¿A onde foron os do BNG? ¿Porque dis así?
- O sr. Tenente Alcalde toma a palabra:** ¿Onde foi traballar despoixa de cando saliu?
- O sr. Fírvida toma a palabra:** ¿Quen? ¿Quen? ¿Pero dime quen?
- O sr. Tenente Alcalde toma a palabra:** ¿Onde foi traballar?
- O sr. Fírvida toma a palabra:** ¿Pero dime quen?
- O sr. Tenente Alcalde toma a palabra:** O de Allariz, o Quins, o Quintana
- O sr. Fírvida toma a palabra:** ¿A onde foi traballar? A unha empresa familiar



O sr. Alcalde toma a palabra A empresa San José, á delegación da empresa San José, que está en Brasil

O sr. Fírvida toma a palabra: ¿Pero vos que decides? non tedes nin P. Idea, a unha empresa familiar

O sr. Alcalde toma a palabra: ¿Pero como que nos que decimos?

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Si home, si, se o sabemos, está mal, si, pero o facemos todos,

O sr. Serafín Núñez toma a palabra: En definitiva, despois son actas de cen folios, serán de dous centas, porque un está falando, eu calo e mórdome a lingua mentras estaban, mentras falan vostedes, cando intervimos nos sempre hai cuarenta mil, sigo sin entender, bueno en definitiva, que nós estas mocións as presentamos en Ourense, que por certo en Ourense non estamos no Goberno, non sei si o sabe, está moción sí se presenta no Concello de Ourense, y noutros similares, onde estamos na oposición, y onde estamos no Goberno, se intentan tomar medidas para encamiñarse según o que estamos solicitando e aquí, digan que sí ou diga que non, falan de intervención, falan de banca rota, é dicir é que intervidos xa estamos, Sr. Freire, ou ¿que quere que esteamos máis intervidos?

O sr. Alcalde toma a palabra: Pois podíamos estar, houberamos estado por desgracia,

O sr. Fírvida toma a palabra: ¿que vallamos traballar por un plato de caldo, que é o camiño que nos queda?, porque casos políticos, é o camiño que nos queda, é dicir aquí, absolutamente sube de base impositiva como se foramos Países Ricos, de Holanda ou Países do primer mundo da Comunidade Económica Europea y temos o IVA y super super mega y el sueldo, o salario mínimo interprofesional é seiscentos corenta e cinco euros, eso é absolutamente ridículo,

O sr. Alcalde toma a palabra: pero é o País que temos, por desgracia, que lle vamos a facer, somos un País pobre, témolo que ter claro,

O sr. Serafín Núñez toma a palabra: Entonces o que non se pode é sablear ás clases populares, hai que sablear ás grandes economías, ás que vostedes benefician, ás grandes fortunas, a eses libertad absoluta para que fagan o que queiran

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, vamos a someter o asunto a votación, ¿se lles parece ben?

O sr. Serafín Núñez toma a palabra: Bueno, eu remato, un pouco en esta línea do que estabamos falando, que intervidos xa estamos e o estamos pagando no día a día.

O sr. Alcalde toma a palabra: perfecto, bueno pois ¿votos a favor da moción?, incluíndo a emenda, loxicamente, si dixeron que si, ¿votos en contra? Moi ben, queda rexeitada cos votos do Partido Popular.



Sen máis sométese o asunto a votación resultando rexeitada cos votos a en contra do Partido Popular e os votos a favor do BNG e do PSdeG-PSOE o seguinte acordo: “ **Moción do PSdeG-PSOE co obxecto de elaborar unha ordenanza para garantir o subministro mínimo de servizo básicos (Luz, auga, calefacción) e destinar unha partida económica para evitar o “Desafiuzamento”destos servizos básicos.**

5.- MOCIÓN SOBRE EMENDAS DO BNG AOS ORZAMENTOS DE BARBADÁS DE 2014.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moción do BNG sobre os orzamentos, va sobres as emendas entre comillas, que ahora xa non poden ser emendas, pero bueno

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra o voceiro do BNG para defender a moción.

O sr. Fírvida toma a palabra: Para empezar por algún lado, vamos a ver o Bloque Nacionalista Galego, presentou en tempo e forma, emendas aos orzamentos do Concello de Barbadás para o ano 2014, esto non se fai só en Barbadás, faise en todos os Concellos de Galicia, faise nas Deputacións Provinciais, faise na Xunta de Galicia e faise no Estado Español y en todos os sitios, en todos os sitios, se aceptan os emendas, dos grupos políticos, da oposición, onde goberna o PSOE, da oposición, onde goberna o PP da oposición

O sr. Alcalde toma a palabra: Se aceptan debatilas

O sr. Fírvida toma a palabra: Acéptalas debatilas, acéptanse a presentación de esas emendas, ben en todos los sitios agás en Barbadás, somos especiais hasta para eso, en Barbadás non, en Barbadás collemos, eu aquí quero deixar ben claro, xa o dixen ademais nas comisións eh, que tendo todo o respecto do mundo polos técnicos de este Concello, todo o respecto do mundo polo seu traballo, o que non se pode consentir é que vivamos dentro dunha burocracia, que se governe por parte dos funcionarios do Concello, porque ademais se fai a mantenta, e faise para ocultar as súas carencias, e faise de tapadilla ¿verdade? para evitar o debate político,

O sr. Alcalde toma a palabra: Non

O sr. Fírvida toma a palabra:, Si, si, si, para eso, e repito non vou debatir con ningún funcionario, non veño aquí a eso, son representante político, entón o que non pode ser é que o Bloque Nacionalista Galego, presente emendas aos orzamentos, que teñen un significado no dicionario e tamén un significado legal; “ que son propostas políticas de modificacións de partidas de ingresos e de gastos, para o que consideramos mellor acaídas”, e que se nos conteste que el único motivo, que se aproba o texto refundido tal, motivos de reclamación, é que nos non reclamamos contra nada, eu non, o BNG



non reclamou contra nada, nos sabemos que estos orzamentos son legais, pouca las gracias, que non fosen legais, xa o sabemos que o debe suma o mesmo que o haber, e que hai partidas orzamentarias, e que se pode facer o que se queira, pero nós, para nós isto é papel mollado, isto non vale de nada, e por enriba, saltándose vostedes a lei, saltándose vostedes a lei, vostedes os responsables políticos, saltándose a lei, evitan que se traia a un pleno extraordinario, ou ordinario, ou como queiran o debate, de estas emendas e que se sometan a unha aprobación definitiva os orzamentos do Concello de Barbadás, que é a tramitación ordinaria que hai que facer dos orzamentos, e neste Concello non se está facendo así, non se está facendo así, entón eso por diante, despois se nos obriga claro a retirar unha moción como comentaba Sarín, tiñamos tres mocións metidas, e si queremos debatir as propostas do Bloque Nacionalista Galego, nos vemos obrigados a retirar unha moción, que xa foi retirada, e por eso, isto ven como moción, pero en realidade non é moción claro, non é moción, entón eu vou leer o que recollen as emendas que nos propomos para os orzamentos do Concello, que a pesar de que estean aprobados, mal aprobados, pero están aprobados, poden haber modificacións puntuais das partidas orzamentarias, o longo do ano, fanse moitas todos os meses, e non pasa absolutamente nada, bueno pos nos o que propomos é:

- recortes nas partidas de gastos por 559.000 euros, que proveñen por exemplo da redución dos canóns de distribución de augas en 80.000 euros, do saneamento e abastecementos de auga en 10.000 euros, todo isto xustificando, non o dicimos por dicir, o dicimos porque consideramos que eses gastos poden ser reducidos, porque non entendemos por exemplo, a subida do canón de Sogama, que vamos a falar despois de ela, ou porque se pagan máis ás empresas concesionarias dos servizos públicos, cando estes servizos non aumentaron en ningún lado do Concello, non aumentaron e sen embargo se lles está pagando máis por estes servizos, bueno cuestións que xa debatimos durante os orzamentos, polo tanto non o vou repetir.

- Que se sanciona á empresa de recollida de lixo por graves incumprimentos nos servizos prestados, por exemplo; teñen a obriga de presentar no primeiro trimestre de todos os anos un informe de servizos prestados, levan sete anos prestando servizo e non se presentou nin o primeiro, nin o primeiro,

- Redución na partida de parque e xardíns, de gastos de empresas que prestan servizos ao Concello en parques e xardíns, non da partida das brigadas municipais,

- de limpeza de gastos, de limpeza na Administración, que aumentaron en todos os servizos unha barbaridade, pois nós propomos unha redución de 13.000 euros,



- 1.500 da asociación de veciños da Valenzá, asociación ilegal, ilegal, aínda non fixo nin unha assemblea constituinte,
- Asociación Música Cultural de Galicia 500 euros,
 - 40.000 da administración xeral de deportes, servizos prestados por empresas externas ao Concello,
 - 15.000 euros da Unión Deportiva de Barbadás, que se lle da 31.000 euros, nos consideramos que se lle debe recortar 15.000 euros,
 - En atencións protocolarias hai una partida total de 10.000 euros, nos propomos que se recorten 6.000 euros, non están os tempos como para andar por ahí facendo actuacións protocolarias e de luxo, ¿verdade? eu creo que esto se debería adicar a outras cousas,
 - En publicidade o mesmo 10.000 euros,
 - Ou 140.000 euros no servizo de Recadación na Deputación Provincial de Ourense, que xa temos dito en moitas ocasións, que se podería levar a xestión directa dende o propio Concello de Barbadás, e se cadra de esa maneira, poderíamos solucionar o problema ao que se refire Xose Carlos, o 1,5 % das empresas que prestan servizo no Concello, y que utilizan infraestructuras do Concello por eso eu creo que é R, e non a telefonía móbil, pero seguramente por ahí, se poderían solucionar moitos de esos problemas, se fosemos capaces de xestionar os nosos propios recursos problemas, pero no, que va, se lle da a quen se lle da, e logo se lle da unha prima, ben nas dacións de contas das Xuntas de Goberno, se lles da unha prima pola recollida do lixo, do tres coma cinco por cen, hombre é que como o fan tan ben, como o fan tan ben, a empresa que recada o lixo que é Aguagest, se lle da unha prima do tres coma cinco por cen, sobre ese imposto, si, si, mirade as Xuntas de Goberno porque o pasasteses vos, y si, o tres coma cinco por cen, dunha cantidade dun Concello de 12.000 habitantes, ¿verdade? Pois é moitísimo diñeiro, que se podía facer desde eiquí, pero non queredes, preferides que o fagan vós amigos de Aguagest, por algo será;
 - E despois, reducir partidas de ingresos, por exemplo, o tipo impositivo do IVE, temos discutilo moitas veces, pasalo do 0,5% actual ao 0,4%, que significaría unha redución, de ingresos no Concello de 380.000 euros,
 - 40.000 euros de redución na recollida do lixo,
 - 9.000 euros nas taxas da Escola Municipal de Música, pero sen embargo aumentar en 50.000 euros outras taxas de utilización privativa de dominio público referentes ás partidas que deberían estar pagando, ás institucións financeiras aos bancos, por uso de dominio público por os caixeiros automáticos, ben se lles podía cobrar ese diñeiro e non se lles está cobrando, non se lles está cobrando



nada, nos orzamentos non figuraban. E despois promovemos partidas de nova creación, coma unha partida para comedores escolares; para garantir un servizo de comedor escolar, moción que traemos á continuación do pleno,

- Medicamentos para as persoas sen recursos e para enfermos crónicos que reciben tratamento en centros hospitalarios 10.000 euros,

-Axudas sociais que tamén poderían servir para paliar inicialmente a anterior moción presentada polo PSOE y BNG, que nos vimos obrigados a retirar, por exemplo para pagar a enerxía eléctrica, eu xa non digo a calefacción a 23 grados, eu xa non digo 23 grados de calefacción, pero eu digo que teñan luz, e que teñan gas para poder quentar a comida, as persoas que levan no paro, e que non teñan recursos, eu creo que sí, eso sí, eso pode facelo o Concello, non hai que asistir a 1.000 persoas, e se son 1.000 persoas; non son 1.000 familias, serán 250 familias, digo eu, é que é así, o mellor non é todo, o mellor é dicir, olle pódese falar con telefónica e dicir: “ nos dámosche unha porcentaxe e non lle cortes a” , ou con Fenosa ou con quen sexa, dámoslle unha porcentaxe, apraza os pagos, esperando que estas persoas algún día teñan traballo, aprázalle o pago, e mentras o Concello se fai cargo dun pago parcial. Si, si porque as cousas se falan así, como se falan todas as débedas, pero é como fan as empresas, aprazan as débedas, pois as de curto prazo a longo prazo, para intentar evitar a quiebra, é que esto é así,

O sr. Alcalde toma a palabra: ¿Pero vostede fano donde gobernan? Pero volvome reiterar, fano onde gobernan vostedes?

O sr. Fírvida toma a palabra: Nos gobernamos?, Sarín nos estamos gobernando?

O sr. Alcalde toma a palabra: O BNG goberna en algún lado, ¿fano en algún lado? por favor....

O sr. Fírvida toma a palabra: Nos faríamolo aquí, pois claro que si o fariamos, igual o fan

O sr. Alcalde toma a palabra: Si o fan en Allariz, eu repito que tamén o podemos facer nos,

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: ¿ E na Veiga? Nos que queiran vostedes

O sr. Fívda toma a palabra: Fondos para desafiuzamentos 10.000 euros, y elaborar proxectos para unha chea de servizos públicos cos que non conta este Concello, pero bueno, son emendas, o Bloque Nacionalista Galego, o Alcalde xa o dixo nas Comisións, total para que as presentabamos, se total daba igual, claro, bueno, pois esto é o que nos faríamos cos orzamentos agora , a curto prazo, desde logo non so isto, pero bueno,

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra o voceiro do PSOE para manifestarse, esto non é unha moción, xa lle digo, non vamos a debatir, entonces,



O sr. Fírvida toma a palabra: Isto é unha moción, agora é unha moción

O sr. Alcalde toma a palabra: Unha moción que non ten sentido, porque por moito que a debatamos xa está aprobado

O sr. Valcárcel toma a palabra; Ben, primeira cuestión Sr. Freire, suscribo todo o que dixo o Señor Fírvida en relación o debate, e á sustración do debate, máis ben en relación aos orzamentos, eu quería facer, eu xa llo comentei á Señora Secretaría que hoxe non está presente, pero transmito tamén no Pleno, comenteillo persoalmente, e non por teléfono, persoalmente, que tal como se nos avisa, se nos informa de que os plenos se celebrarán tal día, que tal día temos que ter presentadas as mocións para que entren no plenario, que se nos agradecía, eu agradecería que cando haxa, algún prazo en relación, por exemplo ás emendas aos orzamentos que se nos avisen, tal como se nos avisa para os orzamentos, nos tamén presentamos emendas é certo, pero presentámolas fora de prazo, eu estaba convencido de que había un prazo igual que para as ordenanzas, de un mes, parece ser que non é así, entón súpome a opinión do Sr. Fírvida en relación a que o debate é fundamental na vida política e o único que fan con esto, é sustraer, furtar e robar o debate, entón, dito esto entro no fondo do que é a moción, por moito que vostede diga que os orzamentos estean aprobados, están, están, pero tamén se poden modificar, entro no fondo da moción.

As emendas presentadas polo Grupo Nacionalista poden ser suscritas na práctica totalidade polo Partido Socialista de Barbadás, a situación do Concello é de paralise total, y de enquilosamente absoluto, e vai a máis, con estos orzamentos vai a máis, por utilizar unha terminoloxía médica que vostede ten que coñecer perfectamente, eu diría que Barbadás sofre de esclerosis múltiple, e eso gracias os seus orzamentos. Unha situación que ano tras ano, vai a peor, xa que o tempo pasa, a poboación medra como se recoñece nos informes que sistematicamente nos facilita o Concello, e as necesidades polo tanto son maiores, pero as dotación e os servizos siguen iguais, como decía eu na miña intervención dos orzamentos, vostedes están incumprindo o seu programa electoral, vamos, é que non cumpriron nada, do que figura no voso programa electoral, nada, todo mentiras, e o conto dunha mentira anunciada, os orzamentos de Barbadás, son estériles, e inútiles para resolver estos problemas, ano tras ano,

O sr. Alcalde toma a palabra; É que nos estamos falando dos orzamentos, e que volvemos a mesma historia.

O sr. Valcárcel toma a palabra: É que é unha moción sobre os orzamentos Sr, Freire

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: non, non, é sobre certas cousas



O sr. Valcárcel toma a palabra: Eu teño un período, un tempo para falar, ¿pode facer uso de el?, ¿sin interrupcións?

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Pois xa levas tres minutos

O sr. Valcárcel toma a palabra: ¿Podo facer uso sen interrupcións?, si me están interrumpindo... esto xa é un minuto, eu acabo en breve eh, que non teño moito máis que dicir. Ano tras ano a mesma cantinela, ningunha nova iniciativa, ningunha idea novidosa. O Grupo Municipal Socialista tamén presentou emendas aos orzamentos, diferentes, é certo, das que presenta o BNG, pero que respostan á mesma filosofía, a de mellorar a calidade de vida da veciñanza mediante servizos e dotacións de calidade, mellorando as escasas políticas sociais e fomentando a creación de emprego. Desde o Grupo Socialista fixemos varias propostas, e cuantificadas, para dinamizar o emprego en Barbadás, das que o sr. Freire fixo caso omiso, é imprescindible retomar este tema, xa que o documento contable para o ano 2014, destina 0 euros reais a este tema.

As nosas propostas eran: - Creación dun programa de rehabilitación de vivendas en núcleos rurais, contribuir o financiamento de novas empresas mediante bonificacións fiscais, aprazamentos de pago de taxas e tributos municipais, elaborar un programa de dinamización deportiva cultural e turístico que permita atraer visitantes, pero as nosas emendas que iremos presentando paulativamente, en forma de mocións, fan tamén propostas moi concretas e cifradas, cuantificando e modificando determinadas partidas económicas para destinar a outras áreas máis productivas, reducir os gastos de protocolo e representación en un 50%, así como os correspondentes na partida destinada a publicidade, que ben se destinou a gastar en calendarios, esa é a sensibilidade social que hai, propoñemos que este aforro se destine a crear un fondo de axuda a afectados polo desafiuzamentos e outro para axudas destinadas para alugar a familias en situación de desemprego e tamén a xovenes.

O importe adicado ó protocolo e publicidade distribuído en tres partidas a 912.226.01, 920.226.01 e a 920.226.02 ascende a 30.000 euros, dado que a Xunta de Galicia retrasa por uns meses, a aplicación do incremento do canón de Sogama, plantexamos dedicar ese importe, o importe que figura nos orzamentos, prorrateado por eses meses, que non o vai aplicar a Xunta, a programas de fomento do Emprego e orientación laboral, priorizando a economía social e o cooperativismo, reducir un 10% os importes que perciben os Concelleiros e Concelleiras do equipo de goberno, con adicación exclusiva, ou parcial aplicando o 50% de esa contía, a incrementar a partida destinada á axuda para adquisición de material escolar. No Partido Socialista consideramos que isto é un xeito de fomentar a igualdade de oportunidades, e os emolumentos dos citados Concelleiros e Concelleiras ascenden a 107518 euros



con dezaoitto céntimos, polo que o 10% equivaldría a 10.751 euros, o outro 50% debería ir adicado a sufragar o custo para o programa Bos Días Cole, de xeito que se reduza ou desaparezca o impacto actual de estes servizos sobre as economías familiares,

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben

O sr. Valcárcel toma a palabra: Hai forma de financiar

O sr. Alcalde toma a palabra: Pois como o presuposto xa está aprobado y esto está fora de contesto, logicamente pois non vou a entrar a debater nada de esto, porque en primeiro lugar non ten sentido, y en segundo lugar por que é pura demagogia logicamente, nos fixemos este presuposto, si vostedes gobernaran farían outro, e seguramente non coincidirían connosco, ¿ pero que lle vamos a facer? O que goberna fai o presuposto e o que aproba despois o equipo de goberno, normalmente y a corporación, entonces eu non vou a debater nada de esto, simplemente someter a votación a moción, votos a favor

O sr. Fírvida toma a palabra: Teremos a segunda intervención, si é unha moción e estamos falando dos minutos que ten cada un,

O sr. Alcalde toma a palabra: Si lle estou dicindo que non vou a debater, que vai volver a repetir todo o que dixi, pois pode volver a repetilo, non hai problema

O sr. Fírvida toma a palabra: Pero si xa sabemos que vostede leva moitos meses sin debater nada, que ven aquí a cobrar, e nada máis, pero eso non é novidade para nos,

O sr. Alcalde toma a palabra: Si por supuesto,

O sr. Fírvida toma a palabra: Eso non quita que nos non podamos vir aquí a razonar e a intentar traer argumentos para defender as nosas propostas, si viñeramos eiquí a escoitar a vostede, escusabamos subir,

O sr. Alcalde toma a palabra: Claro,

O sr. Fírvida toma a palabra: Quedabamonos na nosa casa, xa o sei, pero nós traemos propostas, para vostede é demagogía, solicitar diñeiro para axuda social, para a redución do IBI, para almorzos escolares, para un comedor escolar para nenos, para axuda no fogar, para vostede é demagórico solicitar proxectos para unha piscina, para unha gardería, para vostede é demagórico, para vostede é demagórico buscar axuda social para xente, pois o que se acaba de falar, xente con problemas de pobreza enerxética, para vostede todo eso é demagórico é non se precisa modificar os orzamentos, moi ben , moi ben, que figure así, é demagórico todo eso, todo eso é demagórico,



O sr. Valcárcel toma a palabra: Pouco máis teño que decir, que simplemente que cos datos que aportamos tanto o Bloque Nacionalista Galego, como nos, si que se pode facer política social, si que se poden modificar os orzamentos, e si que se pode actuar a prol da cidadanía máis desfavorecida, vostedes non o consideran así, prefiren volvo insistir, adicar 5.000 ou perto de 6.000 euros a uns calendarios, e repartilos polo Concello, ao que hai que sumar , ao que hai que sumar repito, o custo dos traballadores ou funcionarios do Concello que fixeron deixación do seu traballo, durante os días de reparto, porque eso preguntámolo e poñen: “no hubo coste en el reparto”claro utilizaron aos funcionarios do Concello para repartir, cando ó mellor tiñan que estar parcheando calles, ou podendo árbores,

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben,

O sr. Valcárcel toma a palabra: Así, entón esa é a súa sensibilidade social, esto si que non é demagogia, é unha realidade xustificada, cunha factura que ten o Partido Socialista e con unhas respostas que vostede nos diu a nos,

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, votos a favor da moción, votos en contra, ben queda rexeitada

Sen máis sométese o asunto a votación resultando rexeitada cos votos a en contra do Partido Popular e os votos a favor do BNG e do PSdeG-PSOE o seguinte acordo: “ **Moción sobre emendas do BNG aos orzamentos de Barbadás de 2014**”

6.- MOCIÓN DO BNG CONTRA A SUBA DO CANÓN DE SOGAMA.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos ao punto seis unha moción do BNG contra a suba do Canón de Sogama, ten a palabra o seu voceiro,

O sr. Fírvida toma a palabra: esto é outra moción demagóxica do Bloque Nacionalista Galego, tampouco non lle importa a ninguén, pero resulta que en Barbadás esto vai supor un custe a maiores do ano pasado de 78.000 euros, pero é demagogía, non vos preocupedes, que da igual,

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: antes de que empeces, ¿crees que non nós importaría a todos que non o subiran,? Pero entonces que dices, que non nos importa nada que suban,

O sr. Valcárcel toma a palabra: pido por favor que non nos interrompa porque se non os tempos, é que esto parece un galiñeiro



O sr. Fírvida toma a palabra: Manolo, vale, seguramente vos importa que suba esto, pois facede algo, facede algo, claro, ademais de que importe, hai que demostralo de que importa, entonces pois facer algo, bueno pois vale,

Pois a Lei do ano 97, de residuos sólidos urbanos de Galicia, e o Plano de Xestión dos Residuos Sólidos Urbanos atribúen a condición de xestor nas operacións do proceso de xestión de residuos á Sogama, á Sociedade Galega de Medio Ambiente.

A xestión do tratamento de residuos encomendada a Sogama foi acompañada do establecemento dun canon por parte dos concellos, de 55,91 euros por tonelada de lixo tratada e máis o IVE, vaise a 64 euros por tonelada.

Agora, o goberno do PP introduce nos orzamentos da Xunta de Galicia a última hora, tamén sen ningún tipo de debate, y de tapadilla vía orzamentos, non vía modificación do Plan Xeral de Residuos Sólidos Urbanos, nin ningunha tramitación ordinaria, se non que se fai, ocultando sempre nos orzamentos como están tan acostumbrados, a revisión do canon para acadar os 74,64 euros por tonelada tratada, sen IVE, o que vai supor un incremento de preto do 34% para os de 290 Concellos adheridos a Sogama. A razón esgrimida é allea á relación entre os Concellos e Sogama, ao ser unha decisión política adoptada polo Goberno central do Partido Popular na súa política de reforma do sector eléctrico, que impón recortes nas tarifas para percibir pola coxeración eléctrica. Ante a caída de ingresos que sufrirá Sogama pola xeración de enerxía, óptase por cargarlle á cidadanía novamente este recorte en lugar de o facer sobre os beneficios das empresas xeradoras de enerxía.

Esta medida unilateral, aquí ven o que comentaba Sarín, donde está Elena Salgado, onde está Felipe González, onde están todos os Exministros do Partido Popular, traballando e porque non hai ningunhas, ningunhas ganas, ningunhas de tocarlles, a estas empresas, eso era o que comentaba aquí.

Esta medida unilateral do Partido Popular, sen coñecemento nin participación dos Concellos adheridos no proceso de toma de decisión, pretende un incremento desproporcionado e abusivo que se repite, noutros ámbitos por parte do Goberno de Galicia, pola adopción de medidas dirixidas a salvar ás grandes empresas corporativas transnacionais, e neste caso pola decisión da reforma eléctrica que favorece o oligopolio das grandes empresas enerxéticas, e penaliza as fontes de xeración alternativas, é dicir todo esto ben dos recortes ás enerxías alternativas,

Ademais, non só se pretende con esta suba compensar as perdas presentes e previsíbeis que ten SOGAMA, senón pasar a ter uns beneficios de 7 millóns de euros, a conta da cidadanía galega que verá repercutido este canon nos recibos que cobran polo servizo de recollida nos Concellos, nós non



solo pagamos ó servizo de recollida, tamén pagamos o 3,5% a Aguagest pola xestión da cobranza do servizo de recollida de lixo, o cual esto xa é unha loucura, esto é rizar o rizo, bueno. Este feito é especialmente grave cando Sogama nin sequera trata todo o lixo que recibe e polo tanto estamos pagando para transportalo a un vertedoiro, porque nin se quera o reciclan.

Esta proposta de incremento desmesurado dos custos de tratamento do lixo por parte de Sogama vén a confirmar as denuncias feitas polo BNG sobre o fracaso do proxecto Sogama e o Plano de Residuos Sólidos Urbanos implantado polo PP na Xunta. Nos apostamos por opcións máis respetuosas pola Xunta, desde o punto de vista medio ambiental, e con máis vantaxes económicas. Desde o punto de vista ambiental, Sogama insiste na incineración dos residuos sólidos urbanos e na súa valorización enerxética, esto de valoración enerxética está moi bonito, pero é un eufenismo para decir que queiman o lixo, queimamno e co fume do lixo fan enerxía eléctrica, que agora ao vendela o Estado como non lla cobra, porque non lla pagan, porque non se mete dentro das enerxías renovables, pois pásanlle a tarifa aos cidadáns, eso é o que fan co lixo, queimalo, cando en todo o mundo se está camiñando pois para combatilo o efecto invernadeiro cara sistemas ambientalmente sostibles no tempo, en Galicia seguimos anclados no pasado, sistemas de eso, de queimar o lixo e metelos en vertedoiros, enterralos, sen ter en conta outros principios reitores no tratamento do lixo de maior importancia ecolóxica, como a redución, a reutilización e a reciclaxe de residuos, a compostaxe, e o tratamento, nunha consideración prioritaria no deseño dun modelo de xestión do lixo, ademais de supor un modelo de xestión máis sustentábel ambientalmente, traduciríase nunha contención dos custos.

Ademais, os problemas detectados de acumulación de residuos e vertidos non complexo de Sogama demostran que nin sequera unha porcentaxe significativa dos residuos se valorizan é decir se convirten en enerxía, ou se reciclan, senón que simplemente se enterran.

Por outra banda, desde a aprobación da lei 10/1997, os sucesivos Gobernos do PP na Xunta, tiveron empeño en impedir a existencia de plans alternativos como o iniciado no Morrazo, de hai ven o que nos comentada o sr. Freire Couto, de que hai Concellos que pagan máis, os do Morrazo, claro que pagan máis, ¿sabe porque pagan máis esos Concello que os levan a Nostian o non o levan a Sogama? Por qué a Xunta de Galicia non lle da nin un só euro de axudas, a ese sistema

O sr. Freire toma a palabra: Tampouco a este,

O sr. Fírvida toma a palabra: ¿Non? ¿a Sogama non lle dan axuda,? Hai Dioss....

O sr. Alcalde toma a palabra: Estalle prohibido percisamente por eso teñen que subir o canón

O sr. Fírvida toma a palabra: Ahhhh



O sr. Alcalde toma a palabra: Estalle prohibido darlle axudas

O sr. Fírvida toma a palabra: ¿Pero quen fixo Sogama? ¿quen fixo o plan de residuos de Galicia?

O sr. Alcalde toma a palabra: Pero vamos a ver, estanos prohibidos dar subvencións, dito por o Conselleiro

O sr. Fírvida toma a palabra: Non as dan directamente, dan en formas de produción de enerxía,

O sr. Alcalde toma a palabra: Pa facelas, pero non agora, estalle prohibido darlle subvencións, está prohibido por lei ademais,

O sr. Fírvida toma a palabra: ahhhh, aínda menos mal que agora empezan aparecer, bueno, a Xunta non ten axudado para nada a outros sistemas de reciclaxe e compostaxe como o que se puxo en marcha no Morrazo ou por exemplo máis recentemente na Mancomunidade do Barbanza, que se executa a pesar do PP, posto que sempre se puxeron trabas, para impedir que moitos Concellos poideran levar alí os seus residuos sólidos, e se visen obrigados a levarlos a Sogama, sempre intentando que fracasaran eses dous sistemas e que se viran obrigados a levar o lixo a Sogama.

A transformación de modelo de xestión dos Residuos Sólidos Urbanos podería supor 2.000 novos postos de traballo en proxectos de comarcalización, cun menor custo medioambiental, sen embargo o Partido Popular aposta por todo contrario, por eso nos instamos, os acordos da moción son: instar a Xunta de Galicia,

1.- A retirar dos orzamentos do próximo ano o incremento previsto do canon de Sogama que deben satisfacer os Concellos.

2.- Que calquera modificación que se pretenda pase obrigatoriamente por un consenso coa Fegamp e cos Concellos implicados, coa participación de Sogama e da Consellería con atribucións en medio ambiente.

3.- Revisar en profundidade o Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia 2010-2020, eliminando a previsión de construír unha nova incineradora de residuos sólidos urbanos, aquela que iba vir para Linea logo despois iba a ir para Leiro e agora non sabemos onde vai acabar, apoiando un modelo que supere a Sogama, mediante proxectos comarcais de reciclaxe e compostaxe, do que se trata é de non levar os camións de lixo dende o Barco de Valdeorras hasta Cerceda, ou desde Viveiro a Cerceda, ou desde a Guardia a Cerceda, paseando o lixo por toda Galicia, facer parques comarcais, o que máis encarece o tratamento do servizo de lixo é o seu transporte, fáganse parques comarcais pequenos con pouco impacto ambiental e que o lixo non teña que andar por aí polas estradas, centos e centos de kilometros, total para enterralo, total para enterralo, entón parques comarcais de reciclaxe



e compostaxe que posibilite a creación de emprego e alcanzar os obxectivos da recollida do lixo e reciclaxe avanzados.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben ten a palabra o voceiro do PSOE

O sr. Valcárcel toma a palabra: Ben, pois o desaforado incremento do 33,5% do canon de Sogama, ven xustificado pola Xunta de Galicia nas primas estatais, na caída das primas estatais que percibe pola valoración enerxética, incinerización do lixo, o responsable único, é o señor Rajoy, vostedes deberían traballar en este asunto, o único responsable de que as primas estatais que percibe Sogama por la revalorización enerxética caíran, y que agora teñamos que pagar todos os galegos é Rajoy, ¿vostedes falan, o seu Presidente, os seus compañeiros de partido falan con vostedes?, son están abertos as súas problemáticas e o que vostedes lle trasladadas das inquiredanzas veciñais, parece que non. O certo é que analizando as contas que se recollen no orzamento como dixo Fírvida autonómico para este ano, Sogama co novo canon pasaría de ter perdas no ano 2013, a ter uns beneficios, no 2014 despois de impostos de 6.624.160 euros, beneficios a costa de cobrallos previamente aos veciños do Concello de Barbadás, eu non falo dos do Cerceda nin dos de Vigo, nin dos de Ourense, eu falo dos de Barbadás, 78.000 euros que lle cobran os veciños de Barbadás, porque aínda que non os paguen do seu peto, pagámolo a través de impostos.

Para os socialistas non resulta comprensible nin aceptable que unha sociedade do sector público autonómico como Sogama adscrita á Consellería de Medio ambiente territorio infraestructuras, e que na Xunta participa no 51% do capital social, é decir a propietaria maioritaria é a Xunta de Galicia, o que se chama nunha empresa privada, “el dueño, o dono”.

A Xunta de Galicia se plantexa nos tempos de crise que estamos a sufrir a prestación dun servizo público, coa finalidade única é exclusivamente de recadar, para ter beneficios, hai que destacar que o fin da suba non é o de conseguir a cobertura dos servizos, porque se obteñen beneficios ¿para que é?, senón, que a finalidade é de xerar uns beneficios, que saíran directamente dos xa empobrecidos petos da veciñanza de Barbadás, e de toda Galicia, por suposto.

Todos sabemos que os Concello están a sufrir unha importante diminución de ingresos, o que obriga en moitísimos casos a deixar de prestar aos seus veciños e veciñas algúns servizos muy necesarios, ou atender necesidades sociais acuciantes. Celebrarse a cabo este incremento que pretende a Xunta, a penuria dos Concello irá a máis, evidentemente, e no eido medio ambiental dicir que o Partido Socialista sempre fixo unha posta de futuro potenciando na medida posible das enerxías renovables que agora suprimen vostedes, eu non sei si se dan conta que na Unión Europea elaborou unha



directiva, que indica creo lembrar, que no ano 2020 tense que reducir o consumo de petróleo e o uso das enerxías tradicionais nun 40% e eiquí en España, o goberno Estatal resulta que reduce as aportacións ás enerxías renovables y potencia evidentemente ás enerxías tradicionais, ben “el mundo al revés, el mundo al revés”, entón no ano 2020 estaremos a correr todos.

O PP aposta por unha volta ás enerxías tradicionais e contaminantes que a longo prazo lle pasarán factura a toda a sociedade como acabo de mencionar, a Xunta en vez de mandar compensacións ó Goberno Central polos recortes que sofre Sogama derivados das decisións do PP nas primas pola xeneración eléctrica opta pola situación socialmente máis inxusta, incrementar o canón, obrigando aos Concellos a subir a taxa que deberán aboar os seus veciños e veciñas polo tratamento do lixo, e como dixen antes no Concello de Barbadás vanse destinar 78.000 euros a este gasto do orzamento municipal, que os 78.000 euros, como dixen antes, saen dos petos dos veciños e veciñas, e que 78.000 euros dan para moito, para pagar os desafuzamentos da luz, para pagar os desafuzamentos da auga, para pagar os desafuzamentos dos alugueres e das hipotecas Sr. Freire, e polo tanto esa é a súa sensibilidade en lugar de sentarse, de demandar, de protestar á Xunta de Galicia prefíre sacar 78.000 euros de outras necesidades que teñen os veciños de Barbadás, para pagarllos, sen máis, vostede non rechistou, nada, nada. Esto resulta insultante para o Partido Socialista, a carencia total de sensibilidade social que vostede, e os seus compañeiros de partido reflicten nos seus orzamentos, prefíren eso, destinar cartos á Xunta de Galicia, que a arranxar desfeitas do seu goberno, eu solo pido que sexan sensibles ás necesidades da veciñanza, e 78.000 euros son máis de 11 millóns das antigas pesetas, son moitos cartos que axudan a moitas economías domésticas,

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, nós claro que somos sensibles, por eso non subimos o recibo da luz, ou digo perdón o recibo da basura, somos sensibles da situación que estamos vivindo e indudablemente por eso non o subimos, preferimos retraer de outras partidas e o recibo da basura, pois que siga sendo, pois como antes da suba de Sogama.

A nos gustaríanos non pagar esta suba, ¿a quen non lle va a gustar? ¿Pero que facemos ca basura? ¿a onde a levamos? ¿Temos algunha medida alternativa? Non ha hai. Vostedes falan do de Nostian, ¿vostedes saben que eses vertederos están na absoluta quiebra total? Bueno, e sen posibilidades digamos de refrotalos. A nós tamén nos parece unha barbaridad digo claramente, ter que levar a recorrer toda a basura por Galicia ata Cerceda, pero vostedes saben ben que se iba a facer un parque, un parque medioambiental, chamádelle como queirades en Irixo, e o final pois menudo jaleo se montou ahí, onde queira que se vaia a montar unha central de estas, vai a ver unha oposición pero



bestial, e dito sexa de paso, e seguramente vostedes, ou xente do seu partido por detrás, empuxando para que non se fixera, pero tamén é verdade que o Conselleiro de Medio Ambiente do PSOE, non se lle ocorreu facer as plantas, que pareceríame lóxico que houbera unha en cada Provincia, dígollo en serio, incluso comarcales, pero o problema é que onde queira que se poñan vai a ver contaminación, e claro os veciños de entrada pois non a queren, íbase a poñer en Melón, íbase a poñer en Xinzo, íbase a poñer en Irixo, y a larga pois non se puxo en ningún lado, optaron porque había unha oposición frontal, total e absoluta dos veciños, e a min tampouco me gustaría que a puxeran cerca do noso Concello, como é lóxico, ¿vale? Entonces esto é certo, pero é unha realidade, y é unha realidade que tendrán que a política, neste caso na Xunta algún momento abordar, pero a día de hoxe é o que hai, non temos outra alternativa, no hai outra, o se lleva allí, o haber como facemos, entonces, nos temos que, e se non se paga pois non cha van deixan votar, ou sería, nos poderíamos facer unha cousa, poderíamos aplazar o pago e despois cando se acabe esa lexislatura, quen veña por detrás que pague, en outro Ayuntamientos seguro que van facer eso, porque esos cento e pico que dice que non van pagar, o único que van facer é deixarlle o clavo pos que veñan por detrás, pero pagar van pagar si ou si, porque non hai outra alternativa

O sr. Tenente alcalde toma a palabra: E non pagarán nos meses

O sr. Alcalde toma a palabra: Si ou si, nós xa ben fichemos que tratamos de non subir o recibo da basura, e somos conscientes de que é moito diñeiro, é certo, pero é que non hai outra alternativa, é como cando ustedes gobernando lle impuxo Europa as medidas a España e tiveron que tomarlas, eran antisocialistas antipopulares y anti todo,y más tomáronas, ¿ou non? Pois esto ello o mesmo, non hai outra, entonces pois mira nos que máis quixeramos que poder evitar esta suba, pero como somos conscientes que non hai alternativa pois por eso fomos previsores e deixamos no presupuesto unha partida, con cargo o presupuesto municipal, e non subíndolle o recibo da basura a cada uns dos veciños, é certo que é un pago indirecto, pero no cabe duda de que non é directo, y non é igual pagalo, a nivel de entre todos, de unha maneira o de outra, unha cousa son impuestos directos é outra son indirectos, ¿vale?, entón nos vamos a votar en contra porque non lle vemos alternativa, si lla viramos que conste que seríamos os primeiros en ganar a batalla para que nos se cobrará, como temos feito noutras cousas, pero neste caso concreto non temos alternativa, nada máis.

O sr. Fírvida toma a palabra: Vale, esto non é , bueno é que claro o compara con todas as cousas do mundo que non teñen nada que ver, esto é unha imposición do Estado Español ás comunidades, porque se quitaron o diñeiro que se lle daba ás renovables, y tal, y aquí comulgamos con rodas de



muiño, hai unha revolución municipal de 97 alcaldes que se opoñen a pagar este canon, conseguiron aplazalo seis meses y están informando que se van a negar a pagalo, no mes de xuño, si que hai alternativas a curto prazo está claro que non, que o lixo hai que levalo algún lado y a corto prazo, pode ser que non haxa alternativas, habería que facer outro plan galego de residuos sólidos outra vez, por 10 anos, se acaba o do 2010 en 2020 e no 20 no 30 e facelo mellor feito, con máis criterios medioambientais, pero a solución non pode ser que a tí che impoñan pagar un 34% máis, non pola prestación do servizo, non polo encarecemento do servizo, senón para que a empresa teña 7 mil millóns de beneficios, unha empresa pública, para que teña beneficios e vostede dí que eso non vai a repercutir nos veciños porque se vai o Concello a facer cargo, home eso non deixa de ser un imposto indirecto, porque o que vostede está facendo é que 78.000 euros que podían ir como figuran nas emendas do Bloque Nacionalista Galego retirar esa partida de Sogama y adicalo a fins sociais, vostedes non o van adicar a nada, xa dixo que non o aprobaban nas emendas do BNG y non o adican por exemplo á pobreza enerxética do que falemos hoxe, e prefiren pagarllo a Sogama, y vostede como Alcalde prefire facer de mudo complaciente, prefire como é do Partido Popular e está inmerso en todas as batallas xudiciais e políticas nas que está metido, pois prefire quedar de bueniño co Presidente da Xunta de Galicia, en lugar de reivindicar os dereitos dos seus cidadáns, entonces non move folla, non fai nada, e despois os demagóxicos somos nos, e vostede dá a calada por resposta a todo e despois o Tenente de Alcalde dice que xa lle gustaría non pagar, pois non paguen, pois vallan ás reunións do Fegamp a protestar, pois fagan un manifesto dicindo que consideran absolutamente inxusto o novo canon, pois revélense, fagan algo, pero noo, claro, chega o momento e dicen hai que pagar, pobriños, ahhh nooo, os veciños, xa o sacaremos doutro lado, non xa sei que o sacamos doutro lado, non o van a sacar, claro, esto é, bueno en fin,

O sr. Alcalde toma a palabra: Bueno moi ben,

O sr. Valcárcel toma a palabra: Bueno, solo decir eu, que o acaba de decir o Sr. Fírvida, vostedes presentáronse en algunha reunión da Fegamp para ver como estaban

O sr. Alcalde toma a palabra: Nós temos os nosos representantes como teñen vostedes, y ustedes cando estaban alí en esa reunión, o único que estaban conseguindo é aprazala seis meses, aplazala pero despois había que pagala,

O sr. Valcárcel toma a palabra: Non prosigo coa miña intervención sr. Freire porque me están interrumpindo continuamente, entón desisto, desisto

O sr. Alcalde toma a palabra: bueno, moi ben, pois veña votos a favor da moción,



O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Da a sensación que na Fegamp solo están os vosos, que os nosos non están

O sr. Alcalde toma a palabra: Vale votos en contra, venga

Sen máis sométese o asunto a votación resultando rexeitada cos votos en contra do Partido Popular e os votos a favor do BNG e do PSdeG-PSOE o seguinte acordo: “ **Moción do BNG sobre a suba do canon de sogama**”

7.- MOCIÓN PARA ESIXIR Ó GOBERNO CENTRAL QUE PARALICE A TRAMITACIÓN DO ANTE PROXECTO DE LEI DO ABORTO POR ATENTAR CONTRA A LIBERDADE DA MULLER A DECIDIR SOBRE A SÚA MATERNIDADE.

O sr. Alcalde toma a palabra: ten a palabra a súa voceira o seu voceiro,

O sr. Valcárcel toma a palabra: O anteproxecto de Lei de Protección da Vida do Concibido e dos Dereitos da Muller Embarazada supón un retroceso de máis de tres décadas cando ata agora España contaba cunha normativa de referencia en toda Europa. Trátase dunha lei clasista, discriminatoria, hipócrita e innecesaria que trata ás mulleres como persoas tuteladas ó restrinxir os supostos do aborto e por tantas trabas que abortar en España será algo inalcanzable.

Interromper o embarazo deixará de ser un dereito como ata agora nas primeiras 14 semanas. Redúcese os supostos e límitase a posibilidade das mulleres a acollerse ós mesmos. Desaparece o suposto de malformación, enfermidade incurable e anomalía fetal incompatible coa vida que existiu dende o ano 1985, cando o Partido Popular no seu programa electoral facía referencia a que se, adaptaría a lei do ano 85, isto é un retroceso gravísimo, incumprindo de novo o seu programa electoral. Segundo recolle o anteproxecto do Partido Popular, cando o feto teña un problema de saúde, por moi grave que sexa, xa non será motivo legal para abortar.

So se admiten 2 supostos: violación e grave perigo para a vida e a saúde física ou psíquica da muller. Recupérase así o coladeiro do dano psicolóxico se o feto ten problemas de saúde da lei do 85 ó que se acollían a maioría das mulleres. Pero o procedemento é máis longo e complicado porque terá que estar acreditado pola firma de 2 médicos, que non poderán ser os mesmos que vaian practicar o aborto, como ata agora e tampouco poderán traballar no mesmo centro no que se practique o aborto.



Tamén se incorpora o dereito á obxección de conciencia xeneralizado cando ata agora só afectaba ós médicos que practicaban o aborto. Isto conleva un cambio significativo porque a nova lei contempla que calquera profesional poderá alegar obxección de conciencia, é dicir, non só aqueles que participen directamente na intervención, o que inclúe incluso ó persoal que ofrece información.

Detrás deste anteproxecto de lei, co que non están de acordo nin a sociedade dun xeito xeneralizado e a proba me remito, que as enquisas que saíron estos días, indican que o 80% da cidadanía española está en contra de este proxecto de lei, atópanse a imposición dos esquemas morais arcaicos do PP e os grupos provida que esixen unha contrareforma aínda máis radical. O que se pretende é a volta ó modelo tradicional no que se aspira a que a maternidade e a permanencia da muller no fogar volten a ser os perfís imperantes. O illamento do goberno de Rajoy respecto á oportunidade desta reforma demóstrase no feito de que non se consultou a un grupo de expertos para facer a reforma, nin se tivo en conta a opinión da Sociedade Española de Xinecoloxía e Obstetricia (SEGO), que agrupa a 9.000 profesionais.

O dereito ó aborto ten que seguir sendo unha opción persoal, non unha obriga. Privar ás mulleres do dereito a decidir sitúa a España á cola de Europa. É inadmisíbel que coa nova lexislación as mulleres pasemos a ser clasificadas como inmaduras e incapaces para decidir sobre a maternidade. Con este retroceso nos dereitos das mulleres ponse en perigo a súa saúde e sitúase ós profesionais vinculados á práctica do aborto nunha situación de inseguridade xurídica.

Preténdese criminalizar ás mulleres que queiran interromper a xestación e o contexto no que nos vai situar é o da volta á clandestinidade, ó medo, e ós vos charter a Londres, ou os autobuses a Lisboa, para as mulleres con recursos. A partir de agora o Goberno do PP pretende decidir por nós, tratándonos como seres incapaces e coartando a súa liberdade.

Pero os efectos de esta reforma non quedan só aí, senón que desaparecerán as medidas para fomentar o acceso a métodos anticonceptivos seguros e de última xeración e os programas específicos de planificación familiar. Non se inclúen ademais as medidas anunciadas pro Gallardón en marzo de 2012 dobre a violencia de xénero estrutural.

A situación na que queda a muller recrudécese pola derogación de facto da Lei de Dependencia, cada día hai menos cartos dedicados a está lei, ou da intención de que as ameazas en violencia machista deixen de ser un delito para converterse en falta. A lei coloca á muller en posición de minoría de idade, quedando subordinada ás decisións que adopten terceiras persoas, que poderán decidir sobre algo que condicionará a súa vida para sempre. A conclusión é que o Estado decide en qué casos pode



abortar unha muller en función das crenzas relixiosas dunha parte da sociedade, o que significa un atentado á convivencia e unha condea ó sexo feminino a un aborto inseguro e clandestino. A muller non só pasa a non ser dona das súas propias decisións, senón que se converte nunha vítima.

Con esta contrareforma situámonos á cola de Europa e estamos ofrecendo unha imaxe dun país rancio que se aferra a un pasado que custou décadas sobrepasar. O anteproxecto do PP colócanos ó mesmo nivel que Malta, un país que ten a súa orixe nunha orden relixiosa, polo tanto non pode ser representativo de nada e Andorra nas leis retrógradas do aborto e alónxanos da liña progresiva xa iniciada e que tardamos demasiado tempo en consolidar.

Esto é unha moción de Vitoria, eu vou a aportar, se queren podenmo sumar á segunda intervención, o tempo que me corresponde na segunda intervención

Que este anteproxecto de lei non se axusta á realidade social de este País, e que é absolutamente retrogrado, é evidente e non o dicimos no Partido Socialista, nin nos colectivos da defensa dos dereitos da muller. As graves discrepancias existentes, entre importantes dirixentes do Partido Popular son as que deixa máis patente que este proxecto está fora de lugar. O Partido Popular é supostamente un partido liberal o que equivale a que é un defensor a ultranza das liberdades individuais, pero observamos con moita tristura, eu observo con moita tristura que este Partido o único que defende é a liberdade das grandes corporacións, para actuar o seu libre albedrío, pero cando se fala do dereito individual a vivir e decidir unha muller sobre a súa vida, entón vemos como realmente é o Partido Popular, convírtese un partido ultraconservador, filofascista, e próximo á xenofobia. É defensor dun estado absolutamente intervencionista, pretende regular a vida máis persoal da cidadanía, vostedes están en contra dos dereitos das persoas que son diferentes, que opinan diferente. Con este anteproxecto de lei o PP convírtese na filial Europea da tiparti norteamericano. Vou facer unha comparativa entre a actual lei Portuguesa do aborto, un País gobernado por un partido semellante ó Partido Popular e que non se plantexa para nada modificar a súa lei. É o anteproxecto de lei que pretende modificar o Sr. Rajoy, en Portugal aborto libre 12 semanas, en España prohibido, violación Portugal 16 semanas, en España quedará en 12, perigo para a nai sen prazo en Portugal, en España en 22 semanas, mal formación do feto en Portugal 24 semanas, en España prohibido, que ironía Sr. freire, agora teremos que dicir: “ que menos mal que nos queda Portugal”, e de eso vostede sabe bastante.

Como dixó un dirixente das novas Xeracións de Galicia, e que no grupo Socialista de Barbadás, compartimos totalmente, creo que a muller que leva no seu ventre o seu feto, é a persoa mellor preparada para protexer ó non nacido, moito mellor que o Estado. En definitiva a unha muller que non



é nai, non se lle pode obrigar a ser nai, vostedes están obrigando a eso, vostedes están coartando a liberdade dunha persoa a ser libre, a decidir por si mesmos, a decidir por si mesmas. O Partido Popular, o Partido do sr. Freire quere erixirse no defensor da familia, pero solo do seu tipo de familia, excluindo de ese concepto a aquelas persoas que pensan distinto, aquelas persoas que se sinten diferentes, ¿e como defenden supostamente a esas familias das que tanto falan? Con recortes na educación pública, con recortes en becas, con recortes na sanidade pública, con recortes na dependencia, na dependencia tal como plantexa o PSOE o anteproxecto de lei do aborto é un aspecto fundamental, fundamental, moitas familias ás que vostedes lle impedirán poder abortar, ¿como sostarán a eses fillos que teñan algún tipo de malformación?, ¿con que axudas contarán por parte do Estado?, eu remitos a un artigo que saíu xa o ano pasado, do 25 de xuño porque viña lendo eu, de Ribeira, o 25 de xuño dun profesional, xinecólogo, que saíu no País, que facía referencia á hidrocefalia, á hidrocefalia nun neno, a vida que levou ese neno, o calquera outro neno que tivera hidrocefalia, 12 anos de vida era o que se lle calculaba a ese rapaz, pasando probablemente tres cuartas partes da súa vida sometido a operacións, internado, no hospital, con todos os problemas familiares que poden ter económicos, esa familia probablemente queira a ese rapaz moitísimo, seguramente, ¿pero que vida é esa?, en definitiva a dependencia é un aspecto fundamental de esta lei, e vostedes están machacando a esta dependencia, en definitiva con recortes, tanto en dereitos sociais con liberdades individuais

O sr. Fírvida toma a palabra: Vale, eu vou a añadir xa, entón pouca cousa, pero bueno algo temos que dicir, ¿non? En este Estado, no Estado Español, había unha lei do ano 2010 que situaba o Estado Español, si non na vangarda, polo menos no nivel medio dos Países avanzados do mundo civilizado, podemos chamarlle así, ¿non? aínda que agora volvemos ao tempo das cavernas, naquela lei que tiña moitas eivas é certo, posto que trataba a muller, aínda seguía considerando a muller, como un suxeito de segundo nivel, en canto a súa propia identidade, posto que reducía as barreiras do acceso da muller ao aborto, o libre acceso era mellorable porque falaba da obxección de conciencia, falaba dun prazo de reflexión da muller antes do aborto, como si tivera que reflexionalo, durante unhas horas obrigatoriamente, sobre, minus valoraba ás mulleres e as trataba un pouco menos que como obxectos con certas deficiencias, ¿non?, sen embargo o que agora propón o Partido Popular, sobarda todos os límites, y eu creo que nos só todos os límites ideolóxicos, como acaba de dicir Xosé Carlos, senón tamén cuestións sanitarias, e que non estamos solo falando dun problema ideolóxico, e que no fondo o que nos remite esta lei é que o Partido Popular lle está facendo caso a ultra dereita, relixiosa, católica



conservadora do Estado Español, eso é a onde imos, o que está facendo o PP, contentando ao sector máis extremo da Sociedade Española, as cavernas puras do Estado Español, pero si quedase en iso, se quedase en unha cuestión ideolóxica, bueno, pois mira tu, mala sorte para eles, pero é que é unha cuestión tamén de sanidade pública, e como dicía Xosé Carlos tamén que inflúe na lei de Dependencia, inflúe no Benestar, inflúe na calidade de vida das persoas, pero inflúe na Sanidade, moitas persoas con recursos volverán a abortar a Londres. En Portugal están facendo campaña de marketing en España para empresas, porque son empresas privadas, por certo unha das saídas da anterior lei é que non garantizaba o aborto libre e gratuito na Sanidade Pública, esa era unha idea, pero é que agora nin se queira na privada, é dicir as empresas portuguesas están buscando médicos asociados españois que se vaian a traballar a Portugal a practicar os abortos alí, e que leven eles as clientas, y esto pasará en todos os sitios que nos rodean, porque estamos volvendo, despois falamos do islam, y tal y dicimos que son , ¿verdade? todo eso de la guerra Santa, pero nos están colocando no medio do magreo, no mellor dos casos, senón no sur, cando menos no medio. Bueno, eu de verdade, esto é unha atrocidade, eu creo que xa falou, nos eiquí tamén temos cincuenta mil argumentarios pero a min asústame por cuestións de sanidade y de hixiene pública, es dicir, primeiro considerar ás mulleres como un obxecto sobre o que se pode legislar, que unha persoa decida, que teñan que ter o coñecemento de 2 médicos para definir si a túa saúde mental, che permite ou non, ou si está máis en perigo a túa vida ou a do feto, y necesitas o permiso de dous médicos, que non poden coincidir cos que che van a practicar o aborto, bueno, unha chea de limites bestiais, ou que os menores necesiten autorizacións dos pais, todas as cuestións de estes, como Xosé Carlos xa falou de todos estes temas, solo facer unha referencia, falabas dun mozo de novas Xeracións, non caigamos Xose Carlos dígovolo a vós porque xa sei que eles nos van chamar demagóxicos, e van a dar a calada por resposta, mulleres e homes, dame igual, dame igual, pero non caigamos na trampa do Partido Popular, Afais controla perfectamente ao estado da opinión de toda España, e saben perfectamente que as enquisas do PP estanse caíndo a pique por culpa de esta lei, a proba salia onte nos medios de comunicación, están repartindo papeles polo Estado, entonces hai unha en Málaga que dí que está en contra da Lei, e hai outra na Coruña ou en Santiago que dí que non lle gusta, e hai outra en Extremadura que tamén non vai moito con el, para calibrar a opinión pública, é dicir non todos no PP somos Ruíz Gallardón, non somos a extrema dereita que tamén somos catro pobres, para contentar a ese sector máis tal , son todos igual, exactamente iguais, todos os que están aquí sentados, todos iguais, e senón que o demostren



votando en contra, senón que o demostren, , estou seguro, o que non se pode dicir, ca boca pechada, a min é que non me gusta, e despois, facer o que lles manda Ruíz Gallardón, non, son iguales,

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, bueno, vamos a ver, esto como ben dice é un anteproxecto de lei, que está a debate, e seguramente se vai a modificar pois moito, no cual nos esperamos que así sexa, sin duda ningunha, y creo que este non é lugar para debatir sobre o aborto, indudablemente, estamos lexitimando para debatir sobre o que queiramos, pero non podemos tomar a decisión, para eso están os nosos representantes, no Parlamento que loxicamente son os que van a facer esa lei, van a aprobar ou van a rexeitar, entonces nós o que si desexamos é que salga, que salga o máis coherente posible loxicamente, porque é unha lei importante, nos somos conscientes de que o tema do aborto, non é unha cuestión menor, sobre todo, para os homes e mulleres, pero loxicamente máis ás mulleres que son as que sufren, entón esperamos, desexamos é estamos seguros, que vai sufrir grandes modificacións, e que a larga pois vai saír practicamente con consenso como debe saír unha lei como esta, entonces nós vamos a votar en contra da moción así tal como a plantean, co deseo que sexa o que realmente acabo de expresar.

O sr. Valcárcel toma a palabra: ¿Non sei se me deixa dous minutos? Neste caso,

O sr. Alcalde toma a palabra: Dous minutos a poder ser,

O sr. Valcárcel toma a palabra: Intento que sexan dous minutos, mire Sr. Freire o do consenso é unha falacia, consenso xa había na anterior lei, un consenso absolutamente maioritario, polo tanto vostedes o que están buscando é un problema onde non o había, para satisfacer a alguén, non sei a quen, cando ademais, o Papa incluso está na dinámica, de que non hai que facer guerras con diversos temas, de este tipo, e vostedes, erre que erre, erre que erre, segunda cuestión, este foro, si que é valido para debatir sobre este asunto, este foro ten que tramitar ao Goberno Central ou o Goberno Autonómico as inquedanzas de toda a veciñanza, entón esto é unha inquedanza que afecta non o 50% da cidadanía que representan as mulleres, se non que afecta o 100% da cidadanía, da veciñanza que está vendo como se recortan sistematicamente os dereitos e as liberdades, porque esto é unha liberdade, ninguén nesta lei, recortan porque ningunha lei obriga a muller a abortar, eso é o que a todos vostedes ós 6 que están aquí, e a todos os representantes do Partido Popular non lles entra na súa sesera, ninguén obriga a ningunha muller a abortar, sexa a lei que sexa, é un dereito que poden exercer determinadas mulleres, nun momento determinado por circunstancias concretas deciden abortar, pero non se obriga a ninguén a abortar,

O sr. Alcalde toma a palabra: Por suposto



O sr. Valcárcel toma a palabra: Pois dá a sensación de todo o contrario, dá a sensación de todo o contrario, vostede o que apostan é por recortes de liberdades individuais, non teño máis que dicir, creo que fun absolutamente claro, se queren léveno a meditar a través de esta proposta, e que díran liberdade de voto a todos os seus compañeiros en todos os ámbitos parlamentarios.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pois votos a favor

O sr. Fírvida toma a palabra: Eu solo un minuto porque é o que me corresponde, consenso ningún, a Asociación Española de Colexios Profesionais de Obstetricia, manifestouse en contra de este anteproxecto de lei, non foi consultado cos médicos especialistas, as asociacións profesionais de todo tipo de médicos están en contra de esta lei, ademais non foron consultados, polo tanto, consenso por ningún lado, e os Gobernos Municipais, si que teñen moito que dicir, cando se traen mocións de este estilo, por certo o Bloque Nacionalista Galego presentará unha moción tamén neste sentido para o vindeiro pleno, agora non nos entraba, porque temos o limite que temos, pero coincidimos que o 8 de marzo é o día da Muller Traballadora, e presentaremos unha moción sobre o mesmo tema, e vamos a esixir da Administración Local que tamén cumpra cas súas obrigas porque si que ten obrigas a Administración, cando traemos mocións de instar á Xunta de Galicia, ou ao Goberno de tal, non quere dicir que dende o Goberno Local non haxa nada que facer, como no caso de Sogama, hai moito que facer, y en este caso tamén, por exemplo un punto de atención á muller, un centro de información onde saiban que significaba a lei do ano 2010, que significa esta lei, facer información y asesorar a todas as mozas que o precisen e a todas as mulleres do Concello que o precisen, en calquera tema relacionado coa sexualidade, eso é unha obriga municipal, que se pode facer desde o Concello, e o incluiremos na nosa próxima moción.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben , pois ¿votos a favor da moción?, ¿votos en contra?ben queda rexeitada cos votos do Partido Popular.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando rexeitada cos votos en contra do Partido Popular e os votos a favor do BNG e do PSdeG-PSOE o seguinte acordo: “ **Moción do PSdeG-PSOE para esixir ó goberno central que paralice a tramitación do anteproxecto de lei do aborto por atentar contra a liberdade da muller a decidir sobre a súa maternidade**”



8.- MOCIÓN DO PSDEG-PSOE PARA QUE SE INTENSIFIQUE A LIMPEZA DAS RÚAS E PARQUES DA VALENZÁ E PARA QUE SE LEVEN A CABO CAMPAÑAS DE CONCIENCIACIÓN CIDADÁ EN RELACIÓN COS EXCREMENTOS DE ANIMAIS.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra o seu voceiro ou a súa voceira.

A Sra. María Presas toma a palabra: A limpeza das rúas de Barbadás é un tema que xa dende hai anos ó Grupo Municipal Socialista lle preocupa, xa fai seis ou sete anos, no ano 2008 trouxemos á pleno unha moción na que se chamaba a atención, precisamente sobre a limpeza das nosas rúas, pero ben certo é que aínda que se poñe en dúbida, como se puxo, que de un tempo a esta parte o estado no que se atopan as rúas e parques da Valenzá é vergoñento e noxento.

Un dos Concello de toda Galicia, onde máis medra a poboación, con máis de 10.000 habitantes, non se pode permitir isto, que as súas beirarrúas estean sucias. Excrementos de cans, papeis, suciedade acumulada, así é como está a Avenida de Celanova, solo fai falla dar un paseo para darse conta da magnitude do problema. En concreto a altura no número 111-114, nese tramo de rúa, as beirarrúas están nun estado vergoñento, noxento repito, nótase a falta de regas, pois a suciedade acumúlase en esquinas, baixo os bancos, arredor dos maceteiros, os maceteiros por certo que podíanos quitar mellor, porque para non usarse como maceteiros, son usados como borralleiros, papeleiras, acumulan suciedade nos baixos, quítenos e acabase antes co tema.

O Grupo Municipal Socialista non lle cabe a menor dúbida de que vostede é o único responsable de esta situación, que non adoptan as medidas suficientes para evitar que isto sexa así. Porque é verdade, a rúa esta ateigada de excrementos de cáns, e non basta con medidas sancionadoras. É fundamental a promoción de medidas educativas e de campañas de concienciación cidadá.

As cidades e vilas modernas dispoñen xa de dispensadores de bolsas de plástico para a recollida de excrementos, pipicáns.

Dende o Grupo Municipal Socialista xa hai anos que se solicitamos tamén, e volvemos reincidir no tema, que é fundamental adecuar un parque canino, evitariamos de este xeito que parques infantís, e zonas axardinadas do Concello se convirtn en zonas de recreo para as nosas mascotas.

Recordar tamén que xa no mes de agosto do ano pasado, boa parte das beirarrúas da Avenida de Celanova estiveron máis dunha semana sen limpar, e as papeleiras sen valeirar, concretamente dende a rotonda ata o Ponte da Autovía. Recalcamos que está situación non é novidosa, prodúcese dun xeito



repetitivo e aínda estamos agardando a que o Alcalde presente no pleno os informes anuais ós que está obrigada a empresa adxudicataria do servizo.

Toda a veciñanza é sabedora de que a citada empresa está incumprindo reiteradamente o convenio. Está claro que a falla de limpeza e os excrementos de cans, estanse a converter nun verdadeiro problema, e un verdadeiro problema é o exceso de acumulación de excrementos de pombas, que hai no patio cuberto do Colexio Filomena Dato. Un dos que está aquí sentado xa sabia do problema, puxo en dúbida e eso sigue sucio. Non esquezamos que eso é un problema de saúde pública, hai xoganenos e nenas todos os días, en definitiva o acordo é que

- Que se leven a cabo campañas de concienciación cidadá para manter limpas as rúas do Concello.
- Colocación de dispensadores de bolsas de plástico e pipicáns nas zonas de maior afluencia.
- Adecuación dun parque canino.
- Que se leve a cabo unha limpeza exhaustiva nas rúas da Valenzá.
- Que de xeito inmediato, debido á súa posible gravidade, se limpen os excrementos de pomba do patio cuberto do Filomena Dato e do peche.

Xa hai quince días que teñen a moción y eso podíase haber limpado, e aínda está, pois como estaba.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, ten a palabra o voceiro do BNG.

O sr. Serafín Núñez toma a palabra: Ben, dende o BNG pois temos denunciado en varias ocasións, os incumprimentos, á empresa adxudicataria de Geseco en relación co que estades propondo o PSOE na moción, e a presentación destes informes anuais, que efectivamente se esixe no prego de condicións, polo que se adxudicou o servizo, pero bueno é repetitivo, é dicir, da igual que sigan incumprindo porque se vai a seguir orzamentando, se vai a seguir incrementando esas partidas orzamentarias para Geseco, se vai a dar toda a complacencia do mundo, aínda que incumplan ano tras ano.

Onde está o valdeo dos contedores, coa publicidade establecida o prego de condicións, onde está esa limpeza de beirarrúas que se deberá facer pois con estas máquinas, que efectivamente puideran facer unha limpeza exhaustiva, simplemente, era tan simple como que a Policía Local dixera; esta semana neste tramo de beirarrúa non se estaciona, se fai a limpeza, a semana seguinte se efectiviza na seguinte beirarrúa, non, andamos cunha basoira e cun recolledor, como ando eu na porta da miña casa, pero eso é que é totalmente absurdo é ilegal porque o pliego esixe outro tipo de contraprestacións que non se cumpren, ¿entende?. O que falabas tu dos floreiros estes famosos, son efectivamente inseguros e perigosos para os meniños que poden andar en patíns, que poden andar nunha bici nun entorno dunha



beirarrúa ancha para permitir un xogo de rapazes, é dicir, as árbores pódanselle as puntas, despois da exactamente igual pois que unha teña un entramado metálico onde o tronco do arbore choque, e non lle permitan medrar, e que outra non a teña, que un rapaz poda exfolar un pé alí, ou estordegar un pé alí, da exactamente igual porque non se mira absolutamente para nada, es que es, ¿entendes?. O tema dos cadelos nos parques bueno, témolo denunciado en moitas ocasións, é dicir, hai unha mini señal na porta de cada parque, pero é dicir, hai horas no verán, onde as horas por exemplo da mañá e a última hora da tarde, onde os parques son literalmente dos cadelos, é dicir, é que é así, é dicir, a Policía Local ven aquí como se esto fora un perigo inminente, aparece aquí, e sen embargo ahí non vexo a ninguén, pois vixiando este tipo de cuestións, ¿de acordo?. Entonces, bueno en definitiva estamos de acordo ca moción porque nos parece que efectivamente hai moitas melloras que se deberían efectivizar, non se fan, pois pola desidia que manexa esta xente, e que efectiviza esta xente pois na súa xestión municipal do día a día, algo que se manifeste en esto e en moitas outra cuestións, ¿non?, votamos a favor da moción

O sr. Alcalde toma a palabra: nos podíamos votar a favor da moción sen ningún tipo de problema, porque se hai deficiencias evidentemente hai que correxilas, e algunhas somos conscientes que indudablemente, pois que hai que profundizar, por exemplo esto de poñer os pipicans xa en tempos, cando estaba o Currás de concelleiro,

A sr. Miriam toma a palabra: Están pedidas

O sr. Alcalde toma a palabra: ¿Están pedidas non ?

O sr. Valcárcel toma a palabra: Pois o sr. Tenente Alcalde non hai moitos meses aún dixo que eran unhos vándalos, os de Barbadás.

O sr. Alcalde toma a palabra: Se fixera a campaña de sensibilización

O sr. Valcárcel toma a palabra: Que se destrozaban, non o dixo hai moito tempo

O sr. Alcalde toma a palabra: En todo caso nos temos, nos podemos aprobar a moción sen ningún tipo de problema porque é algo que estamos practicamente facendo, y é algo que logicamente estamos profundizando, nos feitos estos

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Eu non me acordo, nese sentido que dís tu,

O sr. Valcárcel toma a palabra: Pois eu si me acordo

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Pois non sería nese término, eu non sei,



O sr. Valcárcel toma a palabra: Fun eu o que dixen nese pleno, que en Granada trouxen unhas fotografías e dixeches e que en Barbadás eso non se pode instalar que son unhos vándalos literalmente.

O sr. Alcalde toma a palabra: Bueno, vamos a ver nos vamos, trataremos de que a cousa funcione

O sr. Valcárcel toma a palabra: Nos alegrámonos, eu quero facerlle o reproche o sr. Tenente Alcalde de que eso o dixo, non haberá máis de tres anos, non máis, alegrámonos,

A sra. María Presas ten a palabra: Dí que están pedidos, a Sra. Concelleira ¿un período próximo de entrega? ¿ máis ou menos a data?,

A sra. Miriam toma a palabra: En breve

A sra. María Presas ten a palabra: ¿En breve? a máquina barredora supostamente, xa estaba eu aquí de Concelleira e íbase a arreglar, estando eu aquí sentada, íbase a arreglar ¿aínda non chegou a peza?,

O sr. Alcalde toma a palabra: O problema da máquina barredora, dito polo Xerente é o problema dos coches, dos aparcamientos

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Eso é o que acabo de dicir

O sr. Alcalde toma a palabra: É o que acabo de dicir pero é que os coches

O sr. Serafin Núñez toma a palabra: Acábollo de explicar, que é moi simple

O sr. Alcalde toma a palabra: Non é moi simple non

O sra. María Presas toma a palabra: É que está averiada

O sr. Alcalde toma a palabra: Pero é bastante complicado, cando lle mande o vostede os da Avda. de Celanova, que non poidan aparcar un día enteiro

O sr. Fírvida toma a palabra: En todo o mundo hai coches

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Si o home si

O sra. María Presas toma a palabra: Supostamente estaba averiada, ¿pero está arranxada xa?

O sr. Alcalde toma a palabra: Ca presión que hai, sáltanlle aos coches y é un problema serio, hai un problema serio con eso,

A sr. María Presas toma a palabra: ¿pero está arranxada xa?

O sr. Alcalde toma a palabra: Está arranxada xa, pero o problema son as consecuencias que trae esa máquina, ó limpar coa presión, que lle saltan as arenas todas da carretera aos coches, e hai uns problemas de reclamacións despois descumunais,

A sra. María Presas toma a palabra: ¿ Pero entón noutros concellos como fan?

O sr. Alcalde toma a palabra: Non anda con ese tipo de máquina



A sra. María Presas toma a palabra: Non andan con ese tipo de máquinas, entón cando se poñen, e que eu teño dúbidas por eso cando se poñen a regar as beirarrúas, ás doce da maña na zona do Mercadona, ¿que sentido ten? ¿solo está sucia a rúa que está próxima ao Mercadona as doce da maña?, porque nunca vin regando, na zona do número 111-114, non é que non o vira, é que nótase, que nunca anduveron ahí.

O sr. Alcalde toma a palabra: Vamos a ver, o mellor hai sitios zonas onde tiñan problemas cas épocas de riego, a idea é que riegan todo,

A sra. María Presas toma a palabra: E quedarase porque xa se comentara tamén un pleno que non se iba a facer ás doce da mañá, porque molestaban aos viandantes,

O sr. Alcalde toma a palabra: eu non sei a que hora o fan, pero hai que sugerirlle que o fagan á primeira hora da maña millor,

A sra. María Presas toma a palabra: Non ás doce da mañá,

O sr. Alcalde toma a palabra: En eso estou de acordo,

A sra. María Presas toma a palabra: E bueno en principio nada máis, o das pombas que se solucione o antes posible, porque o Tenente Alcalde xa o sabía dende fai un ano, dixérallo eu en privado, e dixérame que era mentira,

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: ¿o de que?

A sr. María Presas toma a palabra: O de os excrementos de pombas no Colexio Filomena Dato

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Naquel entonces cando me mandaches, mandei xente alí, e dixeronme que non,

A sra. María Presas toma a palabra: Pero non é mandar un día puntual , agora poden mandar a limpar alí alguen, sábese que haí pombas alí, entonces habrá que tomar medidas, eu teño fotos aquí no teléfono, y é unha vergoña como está o patio do Colexio onde xogan nenos desde tres anos hasta os doce,

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Si se está limpando cada pouco, claro

A sra. Nieves Carril toma a palabra: Ten ido Protección Civil, si María, o cabo dun mes volve a estar igual

A sra. María Presas toma a palabra: Pois haberá que ir cada semana, si a cabo do mes está igual, haí que ir cada semana, e tomar medidas para quitar as pombas de haí, ¿vostede sabe como está eso?

O sr. Alcalde toma a palabra: Eu concretamente non sei, neste momento, agora, ireino ver persoalmente.



A sra. María Presas toma a palabra: ¿Quere que lle enseñe a foto?, vale, pois despois enséñolle a foto, se a quere ver, entón que vaian cada semana, gracias,

O sr. Alcalde toma a palabra Bien vale, entonces entendo que queda aprobada por unanimidade

O sr. Serafín Núñez toma a palabra: Unha cousa soamente, o tema das pombas, imos ver, o que haberá que tomar é medidas para que as pombas non durman alí, é dicir, si hai que ir cada semana, pois haberá que ir cada semana, e haberá que tomar medidas para que as pombas non durman onde se están asentando, buscar medidas para que non esten alí, e punto, é tan simple, e despois o tema das sopladoras, o tema das medidas que ten a empresa, o tema das sopladoras sácanas no entroido, ou cando hai confeti, ou cando hai catro papelitos, do resto andan ca escoba e o recolledor, e despois acábollo de explicar, o tema da hidrolimpiadora, é dicir é unha cuestión de que realmente se valdee, se movan os coches, se prohíbe estacionar nun tramo de beirarrúa, os días que se efectivizen esa beirarrúa, ós seguintes outro día en outra beirarrúa e punto, e que se limpen cando se establecen as periodicidades no prego de condicións, o que pasa que é máis fácil que digan que está averiada, que está no garaxe, que así non gasta gasoil e así non fan nada, así é o que fan con todo,

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Moi ben, pois entendo que queda aprobada por unanimidade a moción.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobada por unanimidade cos votos a favor do Partido Popular, do BNG e do PSdeG-PSOE o seguinte acordo: “ **Moción do PSdeG-PSOE para que se intensifique a limpeza das rúas e parques da Valenzá e para que se leven a cabo campañas de concienciación cidadá en relación cos excrementos de animais,**

- **Que se leven a cabo campañas de concienciación cidadá para manter limpas as rúas do Concello,**
- **Colocación de dispensadores de bolsas de plástico e pipicáns nas zonas de maior afluencia,**
- **adecuación dun parque canino,**
- **Que se leve a cabo unha limpeza exhaustiva nas rúas da Valenzá,**
- **Que de xeito inmediato, debido a súa posible gravidade, se limpen os excrementos de paloma do patio cuberto do Filomena Dato e do peche”.**



9.- MOCIÓN DO BNG PARA GARANTIR A TODOS OS NENOS E NENAS DO CONCELLO CANDO MENOS UNHA COMIDA COMPLETA AO DÍA.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra o seu voceiro o a súa voceira

O sr. Fírvida toma a palabra: Esta moción xa estaba incluída nas emendas do Bloque Nacionalista Galego, adicar unha partida orzamentaria precisamente para este cometido, ¿non?, porque nos entendemos que, bueno a situación económica que se está vivindo pois é moi dura, para moita xente sobre todo en Barbadás, hai que ter en conta que a xente en Barbadás, aquí a xente que viña maioritariamente a vivir, eran traballadores moitos deles da construción, e xente que bueno como os pisos eran máis baratos que en outras zonas de Ourense, pois compraban na Valenzá, moitísimos de eles por certo hipotecados, e agora por a crise económicas moita de esta xente pois perdeu o seu posto de traballo, o outro día salía nos medios de comunicación que Barbadás aumentou un 70% desde o inicio da crise económica o número de parados, y que tiñamos setecentos e pico parados, bueno esto tamén ten moito que ver ca moción que presentou o Partido Socialista, da pobreza enerxética pero nos o que vimos a solicitar é que se garantice a todas aquelas familias que o precisen, que teñen nenos pequenos porque nós entendemos que el é o máis débil, son os nenos pequenos e a xente maior, sobre todo a xente maior, que teñen pensións moi baixas, e non teñen recursos e con todos os recortes que se están aplicando se están quedando sen nada, e os nenos pequenos son os que máis sufren a crise económica, porque digamos que os adultos podemos ir capeando o temporal como boamente poidamos, pero un neno é un neno, sobre todo en idade de crecemento, necesita unha nutrición pois acorde coa súa idade y eso, entón nos necesitamos e eu creo que esto si se pode facer desde o Concello, si que se pode facer, hai dous comedores escolares, hai un sitio que se chama Fonval, aquí cando se fan comidas do Partido Popular xúntanse a trescentas persoas e non pasa nada, cando hai magostos xúntanse a catrocentos, cando hai non sei que xúntanse a dúascentas e non pasa nada, pois polo mesmo motivo, agora se lle pode dar de comer aos nenos do Concello, y eu non digo que gratis a todos, pero aqueles que o precisen porque ó mellor, nós non o sabemos, pero é que o mellor pode haber casos de nenos que ó mellor un día non teñan unha comida completa, o que ó mellor non proben unha peza de froita o día, ou que non poidan comer un yogurt, porque ó mellor pois hai que comer un prato de fabas entre todos, non o sei, como non o sei, ademais non quero sabelo, o Servizos Sociais, o Concello de Barbadás, e nós si podemos colaborar como sexa, que se permita nos colexios públicos do Concello e que se garantice a aquela xente que o precise unha comida a todos os nenos y a todas as nenas, gratuíta y completa, como se necesita, porque ademais agora cos recortes da Xunta, por



exemplo os nenos transportados comían gratis, agora xa teñen que pagar, e os que viven, os que non son transportados xa pagaron sempre, en funcións das rendas, pero resulta que a renda calculancha con dous anos de anterioridade, é decir, as becas para o ano 2013-2014, fixéronse sobre a renda do ano 2011, claro desde o ano 2011 ata agora sabe Dios as de familias que están non paro , y que o mellor antes tiñan rentas boas, pois porque ganaban un salario decente na construción, y agora non ingresan nada, bueno pois a esta xente, nós o que pedimos, pois eso, que se comprometa a garantir cando menos unha comida ao día, un xantar, cando menos, tamén se lles podía dar unha merenda, en un sitio público do Concello, sen ningún tipo de problema, por exemplo nas Casas da Xuventude, en Protección Civil, na Casa de Cultura dar bocadillos, non pasaba nada, nada, tamén se podía, e non é caro, e que este compromiso se faga extensivo nos periodos vacacionais e nos fins de semana, e que o Concello de Barbadás inste á Xunta de Galicia a manter os comedores escolares como servizo gratuito e universal que xa presentamos mocións, que o PSOE tamén para conciliar a vida familiar e persoal.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ben ten a palabra o voceiro do Partido Socialista.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Ben, como non pode ser de outro xeito, o Grupo Municipal Socialista está completamente de acordo coa proposta do BNG, son propostas complementarias as que hoxe veñen á colación a este pleno, a nosa dos desafuzamentos enerxético, da pobreza enerxética e aposta con esta moción, a favor dunha comida completa para os cativos do noso Concello, e a argumentación nacionalista suscripta na súa totalidade por nós.

Hai que aplicar políticas, os Concello están tamén para aplicar políticas que melloren o benestar da veciñanza, en particular dos conveciños que se atopan nunha situación máis débil, hai que aplicar políticas de igualdade que permitan loitar contra a crise, de xeito que esta sexa un aliciente, a crise ten que saír a crise en moitos aspectos, en moitos ámbitos, é vista como unha oportunidade, e ten que ser unha oportunidade, tamén para a xente con menos recursos, unha oportunidade para mellorar, pero para eso hai que facer políticas de índole social, que primen as políticas sociais igualitarias, nas que primen as persoas sobre os outros intereses, e os cartos o fin e o cabo saen dos petos da cidadanía, non queremos caridade, porque sempre resulta subxetiva, a veciñanza reclama dereitos, e reclama que esos dereitos teñan unha regulación e que teñan criterios obxetivos, os colexios, os colexios poden ser o núcleo, o cerne para converterse con esta medida na última trincheira, para loitar contra unha posible desnutrición de moitos cativos.

Os comedores escolares teñen que ser un colchón de seguridade alimentaría, como xa ocorre na Junta de Andalucía, si que predicamos co exemplo, é unha proposta Nacionalista, pero asumímolo



plenamente, asumímolo plenamente, a Junta de Andalucía xa o fai, vostedes tamén, ¿e que lle instan ao Partido Popular que goberna no goberno central, que goberna na Xunta de Galicia para que faga algo?, esto é unha medida da Junta de Andalucía, no é unha medida del Ayuntamiento de Sevilla, ni el de Lopera, ni el de Bollullos del Condado, nooo, é da Junta de Andalucía, ausente Xunta de Galicia en Galicia. Esta medida si se adoptara de forma xeneralizada pola Xunta de Galicia, en colaboración cos Servizos Sociais, incluso, incluso os Servizos Sociais do Concello, incluso poderían permitir a creación de novos postos de traballo, y é aquí onde botamos de menos a implicación do Goberno Autonómico, as propostas que facemos dos Concellos precisan de sensibilidade e da implicación da Xunta, sendo fundamental a elaboración dun programa que recolla todo tipo de posibilidades de exclusión social.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ben, vamos a ver, nos comprometémonos dende os Servizos Sociais, e dos Colexios, facer un estudio sobre esto y na medida do posible, tratar de paliarlo, somos sensibles, tremendamente sensibles en esa cuestión, e afortunadamente creo que tampouco é a cousa tan grave, como puidera ser ó mellor noutros sitios, porque a min non me consta, polo menos, pode haber casos puntuales, non digo que non, pero hai que partir do seguinte: punto primeiro, nós podemos pagarlle, logicamente a esas familias que teñen esas dificultades para darlle unha comida aos nenos, mira seria o diñeiro prioritario, con prioridade absoluta, que teríamos que facer, por lóxica, non por outra cousa, xa por lóxica, ¿non? Bien, quedaría postergados cualquier tipo de presupuesto, para obras, si ese fora o caso, para esos casos nós logicamente vamos a darlle prioridade total e absoluta, bien, pero dito esto hai que saber como se pode executar esta medida, porque nos poderíamos ó mellor desde a guardería, poderíase facer o mellor, porque é nosa, dende os comedores dos Colexios, que son da Xunta, se nos permiten que nos paguemos a esos país, a esos rapaces que teñan ese problema, pagándolle o cen por cen do catering, non haberá problema, daráselle prioridade absoluta; pero veremos se a Xunta nos autoriza, nos vamos a propoñer, primeiro facer un estudio, haber quenés, facer un sondeo cos profesores, vamos cos directores de cada Colexio e cos Servizos Sociais, que fagan un estudo real, porque claro detrás de todo esto tamén pode haber picaresca, como todos sabemos, e tamén pode facerse o que falamos antes dos demais, pode facer un efecto chamada, porque é que, no, no, no, sí claro, porque en Barbadás, si, si, si, porque mira, eu conozco moita xente en Ourense, inmigrantes sen poñer calificativo de donde son,

O sr. Valcárcel toma a palabra; ¿Eu non sei porque lle chama inmigrantes?



O sr. Alcalde toma a palabra: Digo inmigrantes porque son inmigrantes, non son de aquí, non son nativos, como en Ourense que viven en pisos patera y que se dedican por exemplo a mendicidade, que si lles fas eso pois vanse a vivir todos para a Valenzá, hai que ter un pouco de cautela nese aspecto, porque si, porque si esa medida se derá en Ourense tamén pois sería outra historia, pero aquí pode pasar eu, entón nós nos que están neste momento nos Colexios e os nenos que temos no Concello, de momento vamos a facer eso un estudio, y nos comprometemos unha vez feito o estudio, saber cuantos son, y abordar a situación y si se lle pode dar nos colexios sería o ideal y senón pois desde a guardería, teríamos que facer un plan especial desde a guardería,

O sr. Firvida toma a palabra: Vale, ben vostede vai dando unha de cal e outra de area,

O sr. Alcalde toma a palabra: No, no, é que máis fácil imposible

O sr. Firvida toma a palabra: Empeza moi ben, pero o final acaba,,,,eso, empeza moi ben, vale, o problema focalizado perfectamente, os directores dos centros, xunto co profesorado son os primeiros que poden detectar os problemas de desnutrición ou os problemas de máis así, de necesidade económicas perentorias, xuntamente cos Servizos Sociais, perfecto, utilizar os comedores públicos perfecto, utilizar as partidas públicas para falar cos de Aixiña, que son os que prestan os catering e pagarlles, dí vostede, seguramente que son moi poucos que cree que non hai moita necesidade, mellor,

O sr. Alcalde toma a palabra: Non, non, digo que me da a sensación a min, que afortunadamente non vexo esas cousas que pode haber como noutras determinadas cidades, pero sei que pode surxir o problema que dixeran despois.

O sr. Fírvida toma a palabra: Pois mellor, pois ojala, xa o sei que aquí non hai as 2.000 vivendas de Sevilla, xa o sei, pois mellor, si estamos decindo que sí hai un, que si hai un neno en Barbadás, que na súa casa non coma ben, que poida comer no colexio,

O sr. Alcalde toma a palabra: Pero eso xa dixemos que iba a ter prioridade absoluta, total e absoluta.

O sr. Fírvida toma a palabra: E despois, o efecto chamada, vostedes teñen un medo ás persoas e a pobreza.

O sr. Alcalde toma a palabra: É que é unha realidade

O sr. Fírvida toma a palabra: Teñen un medo á pobreza atroz, vostede o que lle ten medo é a pobreza, xa o decía Martin Luther King, osea non lle ten problema aos inmigrantes é un problema de pobreza, ¿pero vamos a ver? ¿Vostede cree que unha familia de inmigrantes vai vir a Barbadás a alquilar un piso porque lle dan unha comida a un fillo unha vez ao día? É que é unha loucura



- O sr. Alcalde toma a palabra:** Non é eso, e que si se corre a bola, si se corre a bola,
- O Sr. Fírvida toma a palabra:** Veñen todos eiquí a comer
- O sr. Alcalde toma a palabra:** Pois a xente ten que ir a buscarse a vida, onde lla dan,
- O sr. Firvida toma a palabra:** Pois mellor, ¿qué problema habería Sr. Freire?, ¿qué problema habería, que unha persoa de Ourense que ten un neno pequeno, que non come, se viñera a comer a Barbadás?, eu non o vexo o problema, eu non o vexo,
- O sr. Alcalde toma a palabra:** Si fora unha persoa solo, ou dúas, non habería problema pero si foran dez mil, non o damos afrontado.
- O sr. Firvida toma a palabra:** Dez mil non van a vir
- O sr. Alcalde toma a palabra:** Bueno nadie o sabe,
- O sr. Fírvida toma a palabra:** Dez mil non van a vir, porque se supone que estar escolarizados,ou censados, ou teñen que ter unha relación de familiaridade ou ter vecindade, algún requisito se podería pór, pero en todo caso, é que me da igual, é que si ven un de Sevilla a comer eiquí, a min dáme igual, ¿porqué razón non poden vir a comer aquí co orzamento de Barbadas unha comida o día quente?,
- O sr. Alcalde toma a palabra:** Moi ben, pois traiga a todos de España, que lle veñan a comer aquí unha comida quente, haber como lle paga,
- O sr. Firvida toma a palabra:** Si son nenos pequenos si, vostede ten que decirlle á Xunta de Galicia o que está facendo e que lle dé recursos para poder facer eso
- O Sr. Alcalde toma a palabra:** Que son uns demagogos,
- O sr. Firvida toma a palabra:** Si, señor, somos realistas, con todo o realismo do mundo, ¿porqué razón un neno non pode comer unha comida completa ao día?
- O sr. Alcalde toma a palabra:** Por supuesto,
- O sr. Fírvida toma a palabra:** Nazca onde nazca, ou viva onde viva, osea que si vive ahí en Entrimo non pode comer en Barbadás?
- O sr. Alcalde toma a palabra:** E vostede ten capacidade para darlle, ¿se a vostede vanlle a comer a súa casa si van a comer agora cen rapaces ten capacidade para poder darlle?
- O sr. Fírvida toma a palabra:** Ves esto é o terrible
- O sr. Alcalde toma a palabra:** Pois esto é o mesmo amigo,
- O sr. Tenente Alcalde toma a palabra:** Pero haberá que tomar medidas
- O sr. Fírvida toma a palabra:** Ves, a miña casa, pero por favor, esto é o terrible,



O sr. Alcalde toma a palabra: Esta é a casa de todos, neste caso, pero poden vir a súa casa, cerra a porta en non lle entran, pero non aquí non lle podemos cerrar a porta.

O sr. Fírvida toma a palabra: Pero si acaba de decir, que non poden ser tantos, e xa está pensando en cantos poden vir, é unha loucura absoluta, cada vez que propomos algo, vostedes acaban dándolle a volta e decindo si, pero non da para tantos, osea vamos a comer pero pouco,

O sr. Alcalde toma a palabra: Dixen o que dixen, e vámolos aprobar así, si lle parece ben porque é lóxico ademais,

O sr. Fírvida toma a palabra: Haber; pero con unhas compromisos ¿eh?

O sr. Alcalde toma a palabra: Cos compromisos de facer un estudio previo, para poñer en marcha o sistema

O sr. Fírvida toma a palabra: Y facer unha comisión de seguimento entre directores ou uns representantes dos profesores, da gardería tamén por suposto, bueno non sei porque na gardería xa comen alí, directores ou representantes, e os Servizos Sociais y que emitan un informe e que nós nos enterémos de algo, porque se non, eu moito me temo que cando salgamos de aquí esto tirámolo nunha esquina.

O sr. Alcalde toma a palabra: Maña, xa llo encargo, maña xa nos encargamos ós Servizo Sociais, que se poñan en contacto cos directores,

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Si todo eso xa se está levando dende Servizos Sociais, xa se lle está dando, xa fai anos,

O sr. Fírvida toma a palabra: Si, pero de momento non Ruxidoiro que ten 150 prazas e comen 87 nenos, en setembro de todos os anos hai problemas para que os nenos soliciten comedor, podendo comer 150 nenos, e estou seguro que non iba a protestar ningún neno por comer nunha mesa en vez de catro, sete, ningún neno iba a protestar, protestamos os maiores

O sr. Alcalde toma a palabra: Bueno pois,

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Si, Fírvida pero eso é unha cuestión da Xunta

O sr. Fírvida toma a palabra: Non, é cuestión de querer y de querer facelo, y despois se veñen 15 de Ourense, haber que 15 son, jo, macho es que por favor,

O sr. Alcalde toma a palabra: Non lle des mas voltas a tortilla, é un demagogo puro e duro, pero a gran escala, e nunca lle está a cousa o xeito amigo,

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Aprobase ben así, y punto

O sr. Alcalde toma a palabra: Aprobase tal e como falamos ¿eh?



O sr. Valcárcel toma a palabra: Eu quero facer un pequeno comentario simplemente, é bastante evidente, é bastante evidente que as necesidades sociais existen en moito tipo de necesidades, e resulta máis evidente todavía que despois do debate que acaban de manter entre vostedes dous, que a Xunta de Galicia é a responsable de todo tipo de política, comedores sociais, comedores escolares, é onde tiña que intervir a Xunta de Galicia, é a ausencia da Xunta de Galicia a que fai que interveñan os Concellos, e nos vexamos abocados a este tipo de problemas, cunha política realmente social por parte da Xunta, esto non ocurría,

O sr. Alcalde toma a palabra: Bien, nós tal e como o expresamos, nós aprobamos a moción nese sentido que falamos, sen ningún tipo de problema

O sr. Fírvida toma a palabra: De facer esta comisión e de facer e traballar con Aixiña, e que traiga o catering

O sr. Alcalde toma a palabra: Si, si ,hai que falar, vamos a ver cos directores dos colexio,

O sr. Fírvida toma a palabra: Si, si por suposto, efectivamente

O sr. Valcárcel toma a palabra: Vamos a ver, para todos os nenos e nenas de este concello, independentemente de sí están ou non escolarizados,

O sr. Alcalde toma a palabra: Pero ten que detectalo os Servizos Sociais,

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Os Servicios Sociais, e os directores dos colexios,

O sr. Valcárcel toma a palabra: Están falando solo dos colexios de Barbadás,

O sr. Alcalde toma a palabra: Os nenos están todos escolarizados, ou na gardería ou no colexio

O Sr. Valcárcel toma a palabra: Non, non

A Sra. María Presas toma a palabra: Hai moitos nenos que non van a gardería

O Valcárcel toma a palabra: Se non hai prazas, se non cubrimos as prazas da gardería, ¿como van a estar escolarizados?

O sr. Alcalde toma a palabra: Os Servizos Sociais que fagan un estudio e punto

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Sabemos, que si un neno non vai a gardería municipal non vai a ter problemas de non comer ,non, porque se teñen que pagar a gardería

O sr. Valcárcel toma a palabra: ¿E o cheque que lle da o Concello? cheque?

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Os nenos que van a gardería escolar, elles gratis, poden ter o problema de non comer, agora os nenos que van a gardería de pago

A sr. María Presas toma a palabra: E ¿os que non vai a ningunha? Hai está o problema,



O sr. Alcalde toma a palabra: Es que nós, no podemos estar buscando debaixo das pedras aos rapaces

O sr. Firvida toma a palabra: Efectivamente

O sr. Alcalde toma a palabra: Bueno pois queda aprobada entón cos votos de todos, a proposta xa se fixo, ¿ non?

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Nós, aquí a quen llo solicitou para comer, non se lle denegou ¿eh?

O sr. Valcárcel toma a palabra: pero non falamos de caridade, que é do que se fala moitas veces,

O sr. Alcalde toma a palabra: Chámalle como queiras

O sr. Valcárcel toma a palabra: Chámalle como queiras non, que hai diferenza, unha cousa é o dereito e outra é a caridade.

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Ningún informe que veu con emerxencia social, para comer, nunca se lle denegou a nadie,

O sr. Valcárcel toma a palabra: Pareceme ben, eso é bo,

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobada por unanimidade a seguinte “ **Moción do BNG para garantir a todos os nenos e nenas do Concello cando menos unha comida completa ao día, cos seguintes acordos:**

1.- Facer unha campaña de información

2.- Crear unha comisión de seguimento

3.- Facer un estudio dende Servizos Sociais, e dos Concellos para garantir a todos os nenos e nenas unha comida completa ao día.

PARTE DE CONTROL

10.-DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

O sr. Alcalde toma a palabra: Dación de contas de resolución de Alcaldía

Dáse conta das resolucións da Alcaldía ditadas dende a última sesión.

11.- ROGOS E PREGUNTAS



O sr. Alcalde toma a palabra: Os rogos e preguntas xa as fixeron por escrito,

O sr. Valcárcel toma a palabra: Estes días colocouse a lo menos un sinal de tráfico, ao carón do Froiz,

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Esa leva máis de tres anos colocado

O sr. Valcárcel toma a palabra: No medio e medio, non, non unha no medio do paso de peóns

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Si, si, que chamei eu un día, e dixéronme que levaba tres anos colocada,

O sr. Valcárcel toma a palabra: Pois eu é a primeira vez que a vexo, ¿sabedes onde digo non? Xusto cruzas da beirarrúa, na esquerda baixando desde aquí, unha que esta no medio do paso de peóns,

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Que sí, estou de acordo,

O sr. Valcárcel toma a palabra: eu cruzo alí, eu nunca a vin

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Pois seica leva máis de tres anos colocada

O sr. Valcárcel toma a palabra: Eu dubidaría de eso. Ti vives cerca, eu non creo que estivera alí

A Sr. María Presas toma a palabra: Eu tampouco

O sr. Valcárcel toma a palabra: Eu teño a fotografía,

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Mira, eu sabia que non se había colocado estes días, porque non había xente traballando, e chamei a Policía e dixéronme que leva máis de tres anos colocada

O sr. Valcárcel toma a palabra: Eu non digo exactamente a data ,que tampouco a sei

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Eu tamén paso por alí, e xa o dixen haí que quitala, esté ou non esté, está mal colocada, xa está

O sr. Valcárcel toma a palabra: Segunda cuestión, ¿qué medidas van a adoptar con relación ó esbarrancamento?

O sr. Alcalde toma a palabra: Esas medidas son as das carreteras, que ten que tomarlas

O sr. Valcárcel toma a palabra: Vos faredes algunha xestión ¿ que prazo preveen? Porque alí esta vallado aínda,

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Vamos a ver , a cuestión principal era a recollida da auga, eso estiven eu ca ingeniera e cos do MOPU alí , e xa estiveron xente alí do MOPU recollendo a auga, eu non sei como quedou a obra, exactamente non a vin terminada, ¿a da arriba? ¿a da carretera xeneral?, sabedes que alí a auga, que o problema foi ese, na carretera general, máis abaixo antes da gasoliñeira, víñase a auga por alí, na maioría dos sitios ten muro, alí como había terra, salía por alí, entonces xa recolleron, estivo a ingeniera alí, recollendo as augas e entubarona, que si vos dades



conta un pouquiño máis abaixo do esbarroque, hai unha tubería que vai ao río, metida, entonces iles, quedaron en recoller as augas, preparar todo ben pola parte de arriba para que non veñan as augas e se derrumbe máis, , cortaron o árbol, eu chameilles á telefónica para que lle viñeran a quitar a cable, y quitaron a arbore e dixeron que a terra a tiñamos que recoller nos,

O sr. Valcárcel toma a palabra:¿En que prazo máis ou menos?

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Home, estes días estaban de días libres, o palista empieza o viernes e haber si, cando empeze xa vai para alí,

O sr. Valcárcel toma a palabra: ¿E custo para o Concello?

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Dous camións de terra que pode haber alí, ou camións e medio que pode haber alí, botala a un camión e levala de alí, recollela ca pala, non tivo outro coste,

O sr. Valcárcel toma a palabra: Última pregunta polo menos pola miña banda;¿é lícito utilizar aos empregados do Concello?, ¿lícito ou ético? ¿utilizar aos empregados do Concello para repartir os calendarios facendo deixación do seu traballo?

O sr. Alcalde toma a palabra: Están dándolle un traballo a cidadanía,

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Eso non é cousa do Partido Popular, senón que é cousa do Concello, que somos todos

O sr. Valcárcel toma a palabra: Do Concello, non son calendarios do Partido Popular

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: O Concello creo que somos todos,

O sr. Valcárcel toma a palabra: Eu non dixen que foran calendarios do Partido Popular

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: ¿Ou vendes eso como que os dá o Partido Popular?, eu creo que non,

O sr. Valcárcel toma a palabra: Vendese no sentido de que hai outras necesidades, e outras carencias

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Moi ben

O sr. Serafín Núñez toma a palabra: Eu simplemente dúas cousiñas, en relación co esbarrancamento da rúa 17 de Mayo, hai anos que o BNG, nomeadamente antes de ser Concelleiro, rexistrou escritos onde constan de esta problemática, de que estaba aviña por un barranco abaixo, e que eso había que encauzalo, ¿se fixo algo? Non, non se hace nada, porque era unha obra que era da Consellería, , non sei de que Consellería, nada, cero

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Si que se comunicou



O sr. Serafín Núñez toma a palabra: E que se fixo, nada, hasta que pasou o que pasou, foi unha obra que quedou feita mal desde o seu momento e o BNG o advirtíu no seu día, non se fixo nada, hasta que pasou o que pasou, evidentemente, outra cuestión máis, este Concello ten metido por rexistro rogos e preguntas, peticións, cuestións e tal, e que despois non se ven reflectidas en ningunha acta, nin na anterior nin na posterior, nin en ningunha, entón eu o que sí teño claro é unha cousa, eu meterei por escrito o que teña que meter, e se non volvo a decilo aquí de palabra e se despois a Alcaldía ou a Concellería delegada quere facer, acometer traballos que os acometa, pero desde logo volvo a decilo aquí de palabra porque vexo que por escrito hai cousas que non se rexistran.

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Os rogos non, non se contestan, non se poden contestar

O sr. Serafín Núñez toma a palabra: Nin se contesta nada, pero vamos a ver non ven reflectido nada na acta, e contestase o que se ten a ben contestar, entón eu pola miña banda vou a decilo tamén de palabra, para que polo menos quede constancia aquí,

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: As preguntas contéstanse

O sr. Alcalde toma a palabra: Mira aclaratoria, os ruegos non son para contestar, as preguntas si se contestan.

Bueno pois levantase a sesión, moitas gracias e hasta a próxima.

Concluído o anterior, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as 15:15 horas, no lugar e data ó principio indicados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como secretario, dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO